

Fraseoloxía do mar na mariña luguesa

Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

1

Paco Rivas
Fraseoloxía do mar na mariña luguesa

Xunta de Galicia

Paco Rivas

2000

Edita Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Director Xeral de Política Lingüística
MANUEL REGUEIRO TENREIRO
Coordinador científico
CONSTANTINO GARCÍA
Director Técnico de Lingüística
GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ
Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.
Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico cillrp@cirp.es
<http://www.cirp.es>

Autor PACO RIVAS
Título *Fraseoloxía do mar na mariña luguesa*
Cadernos de Fraseoloxía Galega 1

Ordenación temática deste número

MAITE VEIGA DÍAZ

Coordinación

XESÚS FERRO RUIBAL

ISBN

D.L. VG 109/2000

Imprime

Gráficas Numen
García Barbón 106. 36202 VIGO

Paco Rivas

Tfno. +34 986 434 879 Fax. +34 986 220 298

Fraseoloxía do mar na mariña luguesa

Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

1

Paco Rivas
Fraseoloxía do mar na mariña luguesa

Xunta de Galicia
2000

Paco Rivas

Os Cadernos de Fraseoloxía Galega: unha agra aberta

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ofrécelles ós investigadores da lingua galega un novo foro no que poderen dar a coñecer traballos inéditos de recolleita de fraseoloxía na nosa lingua. Os investigadores do noso Centro, construíron nestes anos unha importante base de datos fraseolóxica pero teñen a convicción de que estamos aínda lonxe de encerrar nun arquivo toda a capacidade creadora de imaxes e demais combinacións fixas de palabras do noso pobo. Xesús Ferro Ruibal, que coordina esta parcela do traballo do Centro, asegura que continuamente batemos, ademais, con recolleitas que xacen, como xoias nun gardado xoieiro, en traballos feitos hai anos e que nunca viron a luz.

A pretensión do Centro Ramón Piñeiro é que todo iso saia á superficie e reentre na circulación oral e escrita. Estes *Cadernos de Fraseoloxía Galega* ofrécense ós que fixeron ou están a facer recolleitas grandes ou pequenas de fraseoloxía polas tres mil oitocentas parroquias de Galicia. O Centro Ramón Piñeiro ofrece a publicación gratuíta desas pescudas, a cambio de que os autores concedan a este Centro introduci-los datos na base de datos fraseolóxica coa que nel se está a construí-lo *Diccionario de Fraseoloxía Galega*, que será unha base de datos pública accesible en forma de libro e en formato dixital a través da Internet. O material deberá vir organizado conforme ó modelo que se establece neste primeiro caderno.

Neste primeiro número dos Cadernos, ó que seguirá un segundo cun *Refraneiro galego*, inédito, de Xesús Taboada Chivite, rescata a fraseoloxía da mariña luguesa e inaugura unha xeira que esperamos dará nova vida á fraseoloxía galega.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Paco Rivas

Índice xeral

Os <i>Cadernos de Fraseoloxía Galega</i> : unha agra aberta	5
Paco Rivas e a fraseoloxía a bordo	7
0. Dedicatoria	
1. A Mariña luguesa	13
1.1. O galego da Mariña luguesa	14
1.2. Trazos do galego da Mariña luguesa que aparecen nesta fraseoloxía	16
2. Fraseoloxía	19
3. Léxico desta fraseoloxía	71
4. Índice de fraseoloxismos	83

Paco Rivas

Paco Rivas e a fraseoloxía a bordo

É xa unha vella queixa que, tendo Galicia 1195 quilómetros de costa e tendo levado a cabo no mar os galegos dende sempre tanta actividade, exista tanta desproporción entre o que sabemos das cousas de terra adentro e das cousas do mar. Quéixanse deste baleiro os literatos. Quéixanse os antropólogos. Quéixanse os historiadores. Quéixanse os biólogos.

No eido da fraseoloxía pasa igual. O número de lingüistas que dedicaron o seu traballo ó estudio da fala mariñeira é moi pequeno e debemos lembrar, polo menos, os nomes de M.C. Alonso Pérez (Escarabote), M.C. Enríquez Salido (O Grove), F. Esmorís Recamán (Fisterra), F. Fernández Rei (Cariño), Bernardino Graña (Cangas), Adela Leiro Lois (Cambados), Lino Lema Bouza (Ditos e cantigas), Clodio González Pérez (Refraneiro do mar), M.C. Ríos Panisse (Flora e fauna marítima); e por suposto lexicógrafos coma Elixio Rivas, o P. Crespo e Aníbal Otero e paremiólogos coma Vicente Llópiz. Pode haber máis, que agora a min non me veñen á idea -polo que pido desculpas-, pero non moito máis. E moitas veces me teño preguntado cal pode se-la razón deste esquecemento. Pode ben ser que, para recoller material lingüístico, o mellor é acompañalo informador mentres fai o seu traballo e isto, neste caso, implica meterse no mar.

Isto é o que temos que agradecer a Paco Rivas: que se meteu no mar cos seus veciños da mariña luguesa e que soubo soporta-los mareos como tributo de amor á súa lingua e á súa xente. O resultado esta presa de fraseoloxía mariñeira, dunha mariña pouco atendida polos estudiosos, e na que o lector poderá encontrar verdadeiras xoias fraseolóxicas.

Agradezo a Consellería de Educación a posibilidade de crear este mirador fraseolóxico e sirva o traballo de Paco Rivas de exemplo para os que poidan acompañarnos nos futuros números destes *Cadernos de Fraseoloxía Galega*.

Xesús Ferro Ruibal

Paco Rivas

A tódolos mariñeiros de Nois, en especial a Pepe ("O Mouriño"), a Eusebio, a Julián, e o meu máis fondo agradecemento a Ignacio de Tadeo, mariñeiro, amigo e veciño dende hai moitos anos, polo moito que me ten ensinado sobre a vida do e no mar, e pola infinita paciencia que tivo comigo cando pretendín darlle un pouco de orde e de sentido a este humilde traballo, estando durante días e días, ata cinco e seis horas diarias sen descansar, soportándome. Gracias a todos e en especial a ti, Ignacio, gracias pola túa sabedoría e polo cariño que me demostraches. Sen ti, este traballo nunca o tería realizado. O mar ten en ti a un dos seus fillos ilustres. ¡Que sexa por moitos anos! E non te esquezas de levar contigo a libretina que me prometiches para apuntar todo aquilo que che pareza interesante, que, este verán, temos que seguir traballando, sempre que Trinidad non se enfade connosco. Ata sempre, mariñeiro.

Quizais deba aclarar que Julián non é mariñeiro pero tamén tivo moita paciencia comigo axudándome a poñer en orde unha presa de notas e apuntes ata altas horas da noite. Gracias, amigo Julián, espero seguir contando coa túa axuda, tes que ter paciencia. Non podo dicir o mesmo de Eusebio, que, aínda que é un gran amigo, sempre, ben, case sempre, se cabreaba porque non xogabamos a partida mentres falabamos das miñas "dichosas historias" -como lles chamaba el- cabreábase tanto que parecía o demo, deus me perdoe.

Creo que me apetece mentar aquí a Tomasito, porque sen el, Nois non sería Nois, porque sen el, o Bar Brea non sería o Bar Brea, e, en definitiva, porque o aprecio moito.

Nois, agosto do ano 1998.

Paco Rivas

Paco Rivas

1. A Mariña luguesa

Comarca situada na franxa septentrional da provincia de Lugo, que abarca as rías altas lugesas, entre os ríos Sor, ó oeste, e o Eo, polo leste, e desde os relevos prelitorais ata a costa. Engloba os municipios de Alfoz, Barreiros, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ouro, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, e a súa extensión superficial é de 1.257 Km² (cerca do 13% da provincia). Limita co mar Cantábrico, polo norte; coa provincia da Coruña polo oeste; cos municipios lugueses de Muras, Abadín, A Pastoriza, Riotorto e a Pontenova, polo sur; e con Asturias polo leste.

Paco Rivas

O censo de poboación efectuado en 1981 deu, para a Mariña Luguesa, unha poboación de 73.640 habitantes, o 18,44% do total provincial. Dos municipios que a compoñen, o máis poboado é Viveiro (14.562 habitantes) e o de menor poboación Trabada (2.377 habitantes).

A densidade de poboación era, en 1981, de 58,58 hab./Km², superior á poboación relativa provincial, que non alcanzaba os 41 hab./Km². A poboación da Mariña alcanza a cota máis elevada no ano 1940 (80.295 habitantes), dende aquela inicia un progresivo descenso ata os 70.947 de 1970, para recuperarse lixeiramente en 1981, coa cifra xa indicada. Só catro municipios (Cervo, Foz, Ribadeo e Viveiro incrementan a súa poboación ó longo do século, podendo considerarse espectacular o aumento experimentado por Cervo (103,82% entre 1920 e 1981), gracias ó forte peso específico de Burela, a principal entidade do término, ata a súa segregación. Os restantes nove municipios sufriron perdas de poboación superiores ó 20% en cada caso, agás Xove e Barreiros, que non alcanzan esta cifra. Con todo, os datos indícanos que a emigración tamén lle afectou a esta comarca, aínda que en menor medida que a outras áreas da provincia máis atrasadas. De tódolos xeitos, a saída de poboación detívose e no momento presente asistimos a unha forte inmigración cara ós núcleos industrializados, o que se manifesta no espectacular crecemento demográfico observado no término de Burela e, en menor medida, nos de Viveiro e Foz.

Os trece municipios da comarca comprenden un total de 117 parroquias (algo máis do 9% do total provincial), o que significa que, por término medio, corresponde a cada parroquia unha superficie de case 11 Km² e 630 habitantes, cifras superiores dabondo ás respectivas medias provinciais. O municipio con maior número de parroquias é o máis extenso, Mondoñedo (15 parroquias), e o de menor número coincide co de menor superficie, Lourenzá (4 parroquias).

1.1. O galego da Mariña luguesa

A Mariña polos seus trazos dialectais está encravada no Bloque Central, Área Mindoniense, aínda que posúe trazos que lle son propios e, nalgúns casos, só se dan na franxa costeira. A esta área pertencen as falas do NL. da Coruña e do N. de Lugo, que se caracterizan polos seguintes fenómenos:

- a) Pronome suxeito *nosoutros*, *vosoutros*, no canto do maioritario *nós*, *vós*.
- b) Distinción entre *lle* (singular) e *lles* (plural). Igualmente están diferenciadas as contraccións *llo* (lle + o) e *llelo* (lles + o).

- c) Neutralización da vocal temática na terceira persoa do singular dos perfectos fracos en *-er, -ir: colleu, parteu*, como en zonas do Bloque Occidental, fronte a *colliu, partiu*, no resto do Bloque Central.
- d) Formas *cantábamos, cantáramos...* con desprazamento acentual.
- e) Presente de subxuntivo *día, días...* fronte a *dea, deas...* do galego común.
- f) Presente do subxuntivo *(es)teña, (es)teñas...* de *estar* e *seña, señas* de *ser*, fronte ás formas do galego común *esteá, sexa*.
- g) Formas verbais *faigo, faiga, faigas...* de *facer*, exclusivas da fala desta área, e *traigo, traigas...* de *tra(gu)er*, coma no Bloque Oriental.
- h) Radical *puid (-en, -eche(s), -era)* no tema de perfecto do verbo *poder*.
- i) Radical *puñ (-en, -eche(s)..., -era)* de *poñer*. Tamén se rexistra *pux-*, en concorrencia ou non con *puñ-*.
- l) Formas verbais *sallo, sallas...* de *salir*, e *vallo, vallas...* de *valer* con radical etimolóxico.
- ll) Adverbios de lugar absolutos *aquí / acó, alí / aló...* o mesmo que nas falas fisterrás e outras da Coruña e Lugo. Entre os adverbios de lugar relativos salientamos a forma *atrais*, ó lado de *atrás*. E entre os de tempo, a forma *ontes* por *onste*.

No léxico común destas falas rexístranse voces moitas delas insólitas no resto do galego, como son:

Biouteiro, fronte a *sabugueiro*; *caguña, caúña* para a *pebida* da cereixa ou do pexego; *cimón* para o grelo; *folgueira* e especialmente a forma *felgo*, para nomear o *fento* ou *fieito* doutras áreas galegas; *ma(n)ciñeira*, para a *maceira* ou *mazanceira*; *xalce, xarce* para denominar a *vimbía* nalgún punto da área, ou ben coas formas *bimbe, brimba*, etc. máis comúns.

Entre os nomes de animais hai que salientar, por se rexistraren só en puntos desta área, formas como *cosco* "caracol", *golpe* "raposo", lubricán "porcoteixo".

No léxico do tempo atmosférico son mindonienses formas como:

- *amencer, mencer*, fronte a *amaecer, amañecer*,

- *barruzar* para *choviñar, orballar*,

Paco Rivas

- *lóstrego* verbo do *alustro* ourensán e do *lustro* (e *lóstrego*) pontevedrés.

Para as *cóxegas* ou *coscas* nalgún punto da área mindoniense, emprégase a voz *cóxegas*; pero máis correntes son voces como *celigras*, *deligras*, *teligras*, *soligras*, *uligras*, etc., insólitas no resto do galego.

m) Gheada na parte occidental e esporádicamente no Centro; no resto non hai gheada.

n) Terminacións *-ao* / *-á*. *irmao* / *irmá*.

ñ) Demonstrativos *este*, *esta*, *esto*; *ese*, *esa*, *eso*...

o) Pronome suxeito *tu*.

p) Sufixo *-stes* é o normal, *-stedes* é raro.

1.2 Trazos do galego da Mariña luguesa que aparecen nesta fraseoloxía.

Ademais dos trazos anteriormente citados, podemos engadir outras características específicas, en moitos casos, da Mariña Luguesa, que se poden atopar neste traballo. Dialectalismos lingüísticos, morfolóxicos e/ou léxicos serían palabras coma *acó*, *aló*, *tu*, *nosoutros*, *vosoutros*, *colleu*, *parteu*, *esteña*, *esquencer*, *faigo*, *seña*, *sallo*, *vallo*, *unhos*, *pícaro*, *a*, *mai*, *mao*, *budíos*, *farillós* ou *algús*; *bon*, *olga*, *rula*, *urizo*, *golpe*, *ontes*, *atrais*, *acalumar*, *arranchar*, *balaxe*, *barbada*, *barruzo*, *barruzar*, *batifondo*, *bazar*, *bíciga*, *boga*, *xógara*, *xogara*, *budión*, *coio*, *lear*, *deslear*, *embazar*, *esquieiro*, *farro*, *folear*, *freitadas*, *gamote*, *canouco*, *gasol*, *gueldo*, *lámparo*, *larear*, *maraxes*, *marmoredo*, *malmoredo*, *olga*, *raño*, *riceiro*, *risón*, *rular*, *ruba*, *safar*, *sedel*, *silva*, *silvamar*, *soédrego*, *tina*, *zalabardo*, *zamaio*, etc.

No capítulo dos castelanismos, pódense citar castelanismos plenos, moitos deles históricos, como *olas*, *tiempo* co significado de mal tempo, e *tempo* co significado cronolóxico; *pueblo*..., e moitos outros como *hast(r)a*, *dios*, *eres*, *ganar*, *pulpo*, *rodilla*, *decir*, *marejada*, *marejadilla*, *luna*, *arriesgar*, *cena*, *suerte*, *nevera*...; e castelanismos disfrazados foneticamente como *naide*, *plaia*, *parexa*, *lexos*...

Hai unha chea de palabras que non están fixadas e, así, a mesma persoa, pode dicir agora, ***tou*** pescando, é, ó cabo dun anaco, dicir ***estou*** pescando, ou, ***tu dices*** ben, ***tu dis*** ben; ***moi*** grande é hoxe a marea, ***mui*** grande é hoxe a marea; ***leouse*** o aparello, ***liouse*** o aparello; ***si ques*** vou contigo, ***se ques*** (queres) vou contigo; ***teñen*** moitas nasas eses mariñeiros, ***tenen*** moitas nasa eses mariñeiros, etc.

Presenta, a fala da Mariña, abondosos vulgarismos, que quedan reflectidos neste traballo; vulgarismos producidos por vacilacións de natureza vocálica e por alteracións de carácter consonántico. Entre os primeiros podemos citar *astreverse, millor, pior, facere...*, entre os vulgarismos de tipo consonántico poderíamos citar *tar* (por *estar*), *pa* (por *para*); nas contraccións de *para a* e *para o* aparecen as formas *pá* e *pó*; *Inacio* (por *Ignacio*); *cao, cao de* (por *cabo, cabo de*), *probe* (por *pobre*), *drento* (por *dentro*), *casualidá* (por *casualidade*), *metá* (por *metade*), *Madrí* (por *Madrid*), *apretar* (por *apretar*), etc.

Quero advertir finalmente que, das dúas formas do artigo que a norma ortográfica galega permite representar, eu opto por usar sempre a primeira, pero, como é sabido, a segunda é habitual na fonética sintáctica da mariña luguesa, polo que o lector debe saber que *romper o mar* realízase como *rompe-lo mar*; e así en tódolos casos semellantes.

Paco Rivas

2. Fraseoloxía

Abundancia

A DAR CUN PAO

En moita cantidade. *Casi non vale a pena ir rular, que hai peixe a dar cun pau e vai valer pouco.*

A EMBUTE

V. A dar cun pao.

A ESGALLA

V. A dar cun pao.

A MARES

V. A dar cun pao.

A MAZO

V. A dar cun pao.

Aclarar

POÑER A BOIA LIBRE

V. Poñer todo en claro.

POÑER A BOIA Á MAO

V. Poñer todo en claro.

Actividade

MARIÑEIRO PROEL

Persoa destinada ás tarefas de proa da embarcación. *Se queredes facer ben as ciavogas nas trañas ten que responder ben o mariñeiro proel.*

CAMBIAR DE OFICIO

Cambiar de actividade no mar. *Temos que cambiar de oficio, que mañá empeza a veda da nécora.*

Actividade/ Algas

IR Ó GAMOTE

Recoller de marea baixa este tipo de algas para vendelas unha vez secas ou utilízalas como abono nas leiras. *Moita olga deixou estes días o mar na praia, podemos ir ó gamote, que se está pagando ben.*

Algas

IR Á MARLOTA

Paco Rivas

Recoller de marea baixa un tipo de alga denominado así. *Vamos á marlota, que hoxe baixa ben o mar.*

IR Á OLGA RIZA

Coller de marea baixa este tipo de algas que se venden despois de secalas. *Vamos á olga riza, que é a que millor se está pagando.*

Ambición

QUERER SECAR O MAR

Ambicionar todo para un. Querer pescar todo o peixe do mar. *Mira pa Pedro, non está conforme con nada, parece que quere secar o mar.*

Ameaza

¡DEIXA QUE XA!

¡Prepárate! ¡Xa te collerei! *Ai, non ques axudarme a pasar os aparellos, ¡deixa que xa!*

¡PRESENTAMO NA RULA!

Demóstramo. *Non fas máis que larear, non fas máis que larear porque non está presente quen tén que estar, pero, ¡preséntamo na rula!, anda, e cala a boca xa.*

¡XA PICARÁS!

¡Xa caerás!, ¡xa te collerei noutra ocasión! *Hoxe fixéchesma gorda Secundino, pero ¡xa picarás! cando menos o esperes.*

Atención

¡OLLO Á BOIA!

1. No sentido literal indica que hai que ter coidado cunha boia porque unha embarcación pode embicar con ela ou engrellarse a corda na hélice. 2. Expresión utilizada en sentido figurado co sentido de ¡atención!, ¡coidado! con algo ou alguén. 1. *Leva ollo á boia, que hai que collela da auga e metela a bordo.* 2. *Non te durmas, Bertiño, ¡ollo á boia! que hai que estar moi atentos.*

Auga

FLOR DA AUGA

V. Tona do mar.

FLOR DO MAR

V. Tona do mar.

TONA DA AUGA

V. Tona do mar.

TONA DO MAR

Parte superior da auga. *Ai ho, hoxe moi ben picaban, andaba o peixe pola tona do mar, víaselles o lombo.*

AMURGULLARSE NA AUGA

Meterse debaixo da auga. *Mira alí como se amergullou aquel pato na auga Vicente.*

EMBARCAR A AUGA A BORDO

Entrar a auga na embarcación. *Levantouse unha brisa bastante forte, embarca a auga a bordo.*

Auga (retirar)

ACHICAR A EMBARCACIÓN

Retirar a auga que se mete na embarcación. *Temos que achicar a lancha que moita auga meteu hoxe dentro.*

ACHICAR AS POZAS

Retirar a auga que queda de marea baixa nas cavidades das rochas cun caldeiro e, unha vez están secas, coller os peixes que quedan. *a) Vou achicar catro pozas a ver se collo algunha béciga ou algunha nécora. b) Achicando as pozas pódense coller barbadás, bécigas e cangrexos pa facer un guisiño, aínda non che é tan mal peixe como pensan algús, ¡quen llelo dera en Madrí, meu tuño!*

Barco

LIÑA DE FROTACIÓN

Sinal que marca o calado do barco. *Márcalle ben a liña de frotación ó meu barco cando lla pintes, ponlla ben dreitiña.*

POPA DE GALLO

Parte de atrás dunha embarcación inclinada cara ó mar. *Moito me gusta a feitura dese barco que comprou Manolo, hasta ten popa de gallo, que é o que máis me gusta.*

POPA DE PARRULO

Parte de atrás dunha embarcación de forma redonda. *Mira ese barco que popa de parrulo ten, Julián; non me gusta nada.*

Barco (estado do)

RENXER AS CADERNAS

Rinchar a armazón (as costelas) do barco cun movemento brusco. *¿Qué tal tempo trouxestes pa terra, Eladio? -Viñemos cun temporal moi grande, renxían as cadernas do barco a cada pouco.*

Barco (flota)

ANDANA DE BARCOS

Grupo de barcos, navegando ou amarrados no porto. *Desa andana de barcos que hai no muelle, o encarnado é o meu.*

Barco (reparación)

ENTRAR NO CARRO

Poñer a embarcación en seco para reparala. (O carro é un lugar preparado en terra para pintar ou reparar as embarcacións. Antigamente sobordábanse estas tirando por elas entre varios homes; hoxe hai grúas para tirar por elas.) *Vamos deixar o barco preparado para entrar no carro, que temos que limpar fondos agora que non é tempo de pescar nada.*

SOBORDAR A EMBARCACIÓN

Sacar a embarcación do mar e poñela en seco para reparala ou para pintala. *Milochó, non te vaias moi lonxe agora, que fai mal tempo, xa que non podemos ir ó mar, vamos aproveitar para sobordar a embarcación e pintámoslle os fondos.*

Calidade

SER COMA O PEIXE *BLANCO

Paco Rivas

Ser fino, ser de boa calidade. *É moi bon, carallo, é coma o peixe blanco.*

Carácter

SER MAZADO COMA UN *PULPO

V. Ser un mazado.

SER UN MAZADO

Ser unha persoa con moita cara, un cara dura. *Fulano é un mazado, aínda que o esteñas vendo como che colle unha cousa, sempre o ha negar.*

Carnada

MINGUAR A CARNADA

Ir a menos o que se destina para engadar o peixe. *Veña, aproveitade esta parada, que mingua a carnada e non sei si dará pa outra.*

Carnada (carencia)

ESTAR ACHICADOS OS VIVEIROS

Acabarse a carnada. *Temos que ir pa terra aínda que estamos pescando ben, pero están achicados os viveiros.*

Comenencias

APEGARSE COMA UN LÁMPARO

Arrimarse moito a algo ou a alguén. *Manolo hoxe non debe ter cartos, que se apega coma un lámparo a nosoutros. Vai cao del e preguntalle si paga unha rolda.*

Comportamento

MUDAR DE COLOR COMA O *PULPO

Deixarse levar por calquera. Adaptarse ó que se atopa. *De Guillermo non vos fiedes moito, que muda de color coma o pulpo.*

Covardía

NA TERRA GALO E NO MAR GALIÑA

Aplicase a alguén covarde, medoso, cando ten que se enfrontar a un perigo de verdade. *-Tu moito fas, moito fas aquí e agora, pero si se che presenta a ocasión, eu ben sei como fan os que son coma ti, calar, calar a boquiña; namais che digo que tu, e os que son coma ti, na terra, galos, e no mar, galiñas.*

Cura

XA DIGO

Cura. Na tradición mariñeira trae mala sorte tropezar con el antes de saír para o mar e incluso mentalo, de aí que se evite o seu nome con esta designación eufemizante. *Atopeime co xa digo, hoxe non nos ha ir ben no mar, xa veredes.*

Desconfianza

ESTAR ESCAMADO

Desconfiar, sospeitar, de algo ou de alguén. *Non me pidas que volva contigo á ribeira pescar pulpos, que a última vez miraches tódalas covas do congro tu antes cá min, e estou escamado, contigo non volvo.*

O MILLOR MARIÑEIRO MORRE NO MAR

Nunca se hai que descoidar na vida, que o confiado termina perdéndose. *Vaite con xeito, que parece que se vai levantar unha brisa, e xa sabes, o millor mariñeiro morre no mar.*

Destreza

AFOGARSE EN POUCA AUGA

1. Ser mal mariñeiro. 2. Ver dificultades por pouco motivo. 1. *¿Manolo bon mariñeiro?, Manolo afógase en pouca auga.* 2. *Anda, non te preocupes polo aparello, que tu afógaste en pouca auga.*

FACER MÁGARAS

Ser habilidoso nalgunhas destrezas. *Pedro moi ben pesca ca caña, fai mágaras, lanza o sedel no sitio que quere.*

SER MARIÑEIRO DE AUGA *DULCE

Ser mal mariñeiro. *Tu que vas pescar, anda, cala a boca que es mariñeiro de auga dulce.*

Distancia/Inexperiencia

TER MOITO POR/ POR QUE REMAR

1. Quedar moito traxecto por remar ata chegar ó lugar de destino. 2. Quedar moito por aprender. 1. *¿Cansas, Pepe? Pois vaite máis a modo, que aínda tes moito por remar antes de chegar ó porto de Nois.* 2. *¿E tu ques salir solo pó mar? - Pois non aprendiches abondo, aínda tés moito por remar nesta vida.*

TER MOITO POR/ POR QUE VOGAR

V. Ter moito por remar.

Emoción

¡MEU TUÍÑO!, - ¡MIÑA TUÍÑA!

Expresión que se utiliza cando se lle está contando algo a unha persoa e queremos facer máis énfase no que estamos a dicir. *Moi grande era o peixe que rulou hoxe Vicente, ¡meu tuíño! Moi grande che era.*

¡ESTO CHINCHA!

Expresa a sensación de satisfacción que se sente ante alguén ou ante algo. *Moi boas cartas estou collendo hoxe, ¡esto chincha!*

¡TÓCALLE O CARALLO Ó MAR!

¡Hai que fastidiarse!, ¡hai que amolarse!-. *Pedro non me vendeu os remos cando llos compraba, e agora regálamos, ¡tócalle o carallo ó mar!*

Encarnado

ESTAR COMA UN CANGREXO

Ter a pel encarnada do sol. *¿Fuches á praia ou estuveches pasando os aparellos a peito descuberto? Estás encarnado coma un cangrexo.*

Enlear

ENLEAR O PALANGRE

Armar un lío, facer algo mal. *Cala a boca Manolo, non enlees máis o palangre do que xa ta.*

Equívoco

COLLERLLE A UN O FOLIO CAMBIADO

Engañarse con un. *¿Pensaches que te iba invitar ó viño pola cara? Tu collíchesme o folio cambiado meu irmao, ¿pensaches que era de Madrí?*

Esfuerzo con sufrimento

O QUE QUEIRA BUDIÓS TEN QUE MOLLAR OS COLLÓS

O que quere conseguir algunha cousa ten que esforzarse. *Mira, o Pedro é moi fino, quere que lle dean todo feito e xa vai sendo hora de que se entere de que o que queira budiós, ten que mollar os collós.*

OS PEIXES NON SE COLLEN A BRAGAS ENXOITAS

O que queira conseguir algo, ten que esforzarse. *Se queres pescar non te quedas na taberna, anda, vai deixando de beber viño e prepara as artes, que os peixes non se collen a bragas enxoitas.*

Estado de ánimo

ANDAR ABOIADO

Estar despistado. *Moi aboiado ando hoxe, parece que estou apampado, así non sei se serei capaz de pescar tan siquera dous cornos.*

POÑERSE COMA UN BISPO

Enfadarse, ourizar. *Atraveseille o aparello hoxe a Berto, e cando chegamos ó porto púxose coma un bispo comigo.*

Estilo

FACER (ALGO) Á MARIÑEIRA

Imitar o que fan os mariñeiros. 1 *Fai unha caldeirada á mariñeira con moito prebe, María.* 2. *Ata ben ese cabo Inacio, e fai un nudo á mariñeira, non vaías facer nudo zapateiro, que despois hai que picar o cabo.*

Exhortación

¡CÁMBIAME DE RUMBO!

Cambia de conversación. *Non sigas falando do que non sabes, non sigas que non te escoito, ¡cámbiame de rumbo!*

¡DILLE Ó MAR QUE PARE QUIETO!

Expresión utilizada cando un neno ou nena non paran, indicando a dificultade que hai nesas idades para estar quietos. *¡Para, Tomasiño! ¿Non ves que molestas á señora Lola? Ai si, ho, ¡dille ó mar que pare quieto!*

Experiencia

MARIÑEIRO FEITO

Home que xa leva moito tempo andando ó mar, mariñeiro veterano. *¿Levas contigo ó fillo de Enrique esta marea, Manolo? Non, que vamos cunhas artes complicadas e levo a Vicente, que é un mariñeiro feito.*

SER UN LOBO DE MAR

Ser un mariñeiro experto, veterano. *O Merexo é un lobo de mar, moitas millas leva navegado.*

SER (MOI) COMPLETO

Mariñeiro experto, mariñeiro veterano. *O Merexo é moi completo, non vos engañedes.*

SER (MOI) FINO

Persoa experimentada, habilidosa no traballo ou noutras facetas da vida. *É moi fino este home, non penso eu que haxa ninguén en toda a Mariña que o poida fastidiar en canto a asuntos do mar.*

SER (MOI) MARIÑEIRO

Traballador veterano nos oficios do mar. *Cachán érase moi mariñeiro, moito teño aprendido del.*

TER DÍAS DE MAR

Ter navegado certa cantidade de días un mariñeiro. Adoitan necesitarse para a obtención dalgún título. *Oíches Manolo, xa teño os días de mar suficientes pa sacar o título de Patrón.*

Falar (por falar)

BOTAR MARAXES

Dicir tonterías. Falar por falar. *Fernando, deixa de botar maraxes, que todo eso que dices non val pa nada, vaillo contar ós do teu pueblo se ques, que aquí non che vai facer caso naide.*

Falsidade

SER COMA A CASCARILLA

Ser falso (a cascarilla é a area grosa que se atopa nalgunha praia que se escapa facilmente das mans se a collemos). *Fulano non é de fiar, é coma a cascarilla.*

SER COMA O TEMPO

Ser persoa de pouco creto. *É coma o tempo, nunca se sabe o que vai facer.*

SER COMA O VENTO

V. Ser coma a cascarilla.

SER COMA UNHA *ANGUILA

V. Ser coma a cascarilla.

SER UN LAÑADO

Ser unha persoa falsa. Non ser de fiar. *Paco, non te fíes de Fulano, que leva feito moitas nesta vida ¡conózocho ben, é un lañado!*

Flotar

ESTAR BOIADO

Flotar calquera cousa na auga. - *¡Ai ho!, ta o aparello boiado de todo e así non pesca.*

Fracaso

ANDAR PASEANDO OS CABALOS

1. Fracasar. 2. Andar gastando combustible e non pescar nada. *¡Ai ho! botei todo o día paseando os cabalos pa non pescar nada, catro urizos que viñan leados na rede.*

BOTAR A MAREA POLA BORDA

Fracasar, fallar. *¡Que tal che foi esta marea Mouriño?- Non me fales, que botei a marea pola borda por facer unha mala maniobra e rompeume o timón.*

Tamén nos pode aparecer, botar media marea pola borda, cando o fracaso ou o fallo é un pouco menor.

LEVAR UN BON POLBO

Fracasar. *Colleulle o temporal todo o aparello no mar a Tomás, levou un bon polbo.*

LEVAR UN CAPOTE

Fracasar. *Esta marea non pescamos nada, levamos un capote de moito carallo.*

VIR DE CAPOTE

Regresar do mar sen pescar nada. Fracasar. *¿Fostes ó mar Milio? Ó mar fumos pero viñemos de capote.*

¡FOI O APARELLO Á HÉLICE!

Emprégase esta expresión cando hai unha avaría ou contratempo. *Estábamos pescando ben pero foi o aparello á hélice e tuvemos que perder moito tempo.*

Gasto excesivo

SANTO GANADO, SANTO PAPADO

Todo o que se gaña é pouco, gástase de contado. *Non vale a pena matarse contra os golpes de mar, que todo o que ganamos non nos chega a nada, namais chegar en terra e, santo ganado, santo papado.*

Golpe

GOLPE DE MAR

Impacto que produce unha ola ó desfacerse contra algo ou alguén. *Pegoulle un golpe de mar a Pedro, se lle pega outro non conta o conto.*

DAR MACANAZOS

Darlle golpes ó peixe na cabeza, para que morra antes, coa 'macana' ou cun pao calquera. *Ramón, dálle un macanazo a ese peixe, pa que non se mace contra a cuberta.*

LEVAR PANTOCAZOS

Levar golpes unha embarcación contra as augas cando, despois de erguela unha ola, cae bruscamente. *Goberna con xeito Tito, que non fai falta que leve o barco tantos pantocazos, amodera algo cando chegan as marexadas.*

Impaciencia

ESTAR ESPERA E AGARDA

Impacientarse, desesperar. *Vicente non é nada serio, quedou de vir conmigo a Viveiro ás catro e eu estiven espera e agarda, espera e agarda, e non apareceu en toda a tarde.*

Imprudencia

POLA BOCA MORRE O PEIXE

O imprudente, o que fala moito, remata sempre mal. *Moito parolas, moito parolas e, coma sempre, falas moito de máis; tu non debes saber que pola boca morre o peixe.*

Inexperiencia

EMPEZAR A ANDAR Ó MAR ONTES

Ser pouco veterano, ser pouco experto, tanto se é nunha actividade mariñeira como se é nunha actividade de terra. *-Mira pa Pedro, que presumido é, e empezou a andar ó mar ontes.*

Insolidariedade

¡A MIN, ALLÁS!

Como queiras, dáme igual. -¿Queres ir largar hoxe as nasas co tempo que ta?, fai o que queiras pero a min despois non me digas que non ten avisei, ¡a min, allás!

Instrumental

BOIA DE FÓRA

Sinal que se coloca flotando nas augas para marcar algo, pola parte máis afastada da costa. *Larga aí a boia de fóra, que vamos ir tirando os riceiros de nasas cara a terra.*

BOIA DE TERRA

Sinal que se coloca flotando nas augas para marcar o punto do aparello, ou de calquera cousa que se queira marcar, que está máis cerca da costa. *Mira a ver se aquela é a boia de terra, que vamos empezar a levantar as nasas por aí.*

CABO DE POPA

Corda situada nesa parte da embarcación por onde se amarra. *Colle o cabo de popa e amarra.*

CABO DE PROA

Corda situada nesa parte da embarcación por onde se amarra. *Colle o cabo de proa e amarra fito, aperta ben ca rodilla antes de facerlle o nudo.*

TRALLA DO CORCHO

Corda onde se enganchan os corchos dunha rede. *A tralla do corcho é esta que está por riba, veña, vamos meterllos.*

TRALLA DO *PLOMO

Corda onde se enganchan os plomos dunha rede. *A tralla do plomo me parece que é un pouco máis larga cá tralla do corcho, hai que medila.*

EMPATAR UN *ANZUELO

Atar un anzol a unha liña. *Teño que empatar un anzuelo no sedal da cana, que quero ir pescar unhos farros á ribeira.*

MAREAR OS CABOS

Concordar dúas puntas de dúas cordas para empalmaalas. *Non marean os cabos nada ben, así non sei si poderei facer o nudo.*

PICAR UN CABO

Cortar unha corda. *Pica ese cabo de popa que debiches facer un nudo zapateiro, que non hai dios que o desfaiga.*

Intención

Á MAN TENTA

Intencionadamente. Adrede. *Non me digas que me picaches as redes sin querer, fíxechelo á man tenta, ¿ou pensas que son parvo?*

Limpeza

BALDEAR A CUBERTA

Lavar a cuberta con auga que se colle do mar cun balde, despois de ter realizada unha labor no mar. *Berto, cando remates de pasar os aparellos baldea a cuberta, que temos que arranxar pa volver salir pó mar.*

Malleira

MAZAR (EN ALGUÉN) COMA NUN *PULPO

Pegar moito, mallar. *Ontes a Fulano déronlle unha boa malleira, mazaron nel coma nun pulpo.*

Mar (engano)

TOCARLLE (A ALGUÉN) O CARALLO O MAR

Enganarse co mar, sentirse enganado polo mar. *¡Ai ho!, tiña tan boa cara o mar hoxe, que pensei pescar moito e non pesquei nada de nada, ¡tocoume o carallo o mar!*

Mar (estado do)

ANDANA DE MAR

Normalmente é unha serie de cinco olas seguidas; a primeira é a máis pequena, despois van a máis ata a terceira en que empezan a ir a menos ata a quinta ou sexta. Entre unha andana e outra hai uns minutos de calma: a xacente. *Aguántate aí na entrada do porto, tu agarda a que pase esta andana de mar pa aproveitar a xacente e entrar no porto despois.*

CALMA *BLANCA

V. Calma chicha.

CALMA CHICHA

Augas paradas ou case paradas de todo. O mar practicamente non se move por ausencia de vento. A tona da auga presenta unha aparencia mansa e de quietude. *Hoxe hai calma chicha, podemos ir ós centolos coa tina, que se vai ver ben o fondo.*

CALMA PODRE

V. Calma chicha.

MAR ARBOLADA

Olas continuas, mar bravo. *Francisco, aguanta como poidas, que esto vén moi fastidiado, temos mar arbolada.*

MAR BRAVO

Olas de tamaño moi grande, que impiden realizar calquera traballo que haxa que facer por terra. *Hoxe queríamos ir pescar coa tina ós centolos pero temos que quedar en terra, que hai mar bravo.*

MAR CALMO

Mar tranquilo. *Está o mar calmo, vamos largar.*

MAR DE FONDO

Resaca ou correntes que se producen no fondo das augas causadas por olas moi fortes. *Temos que pasar os aparellos, que viñeron cheos de porquería porque esta noite houbo mar de fondo.*

MAR DE PÉ

Resaca. Movemento das augas no fondo, non ten moita forza e non é perigoso, pero molesta para pescar con certas artes. *Hoxe non vamos ir balar, Ramón, que hai mar de pé e non vale.*

MAR MANSO

V. Mar calmo.

MAR MAREIRA

Mar grosso, con olas grandes. *Non podemos largar as nasas hoxe, que temos mar mareira e non deixa traballar por terra.*

MAR MONTAÑOSA

Olas de gran tamaño, con calma entre ola e ola, ó contrario do que sucede con mar arbolada, en que non hai momento de calma. *O mar está moi malo, hai mar montañosa, traí as olas máis grandes que nunca vira.*

MAR MORTO

Augas calmas. O mar non se move, presenta unha calma total; (nestas condicións non se pesca ben con ningunha arte). *Ta o mar morto de todo, é mellor non molestarse en saír hoxe, que non imos pescar nada de nada.*

MAR PICADO

Olas grandes producidas por un vento bastante forte, peor có mar rizado. *Ta o mar picado, pode ir a peor ou pode quedarse, non sei se non será millor quedarse na casa, ¿ou que dices, Inacio?*

MAR RIZADO

Olas pequenas que producen unha pequena brisa (pódese traballar a pesar de todo). *¿Iremos pa terra, Andrés? Parece que o tempo pon mala cara. - Non hai duda ho, podemos estar tranquilos, que temos mar rizado.*

***MAREJADILLA NA FLOR DA AUGA**

Brisa pequena que move pouquiño as augas. *Podemos saír pescar, que non hai duda, hai marejadilla na flor da auga.*

ANDAR O MAR POR TIRAFONDAS

Estar o mar moi bravo, romper as olas con moita forza. *Hoxe moito ventaba, andaba o mar por tirafondas, agás que millore, nunhos días non se vai poder salir ó mar.*

ARDER AS AUGAS

Mover a tona das augas grupos grandes de peixes, dando a sensación de que están a arder. *Arden as augas, señal de que hai peixe, veña Manolo, prepara o aparello que vamos dar unha larga a ver que pasa.*

ARMAR BATIFONDO O MAR

Facer ruído o mar contra algo, (séntese pero non se ve). *Manolo, hoxe debe de haber moito mar, que arma moito batifondo contra o xogal da “Raxoa”; non van poder salir as terrafas, e mañá non vamos ter sardiña.*

BAIXAR A MAREA

Baixou a marea, podemos ir ós lámparos e ós urizos pa facer unha freitada. V. Bazar a marea.

BAIXAR O MAR

V. Bazar a marea.

BAZAR A MAREA

Retirarse as augas e deixar certa extensión de terreo en seco, (dependendo de se as mareas son máis ou menos grandes o terreo que queda en seco tamén será maior ou menor). *Vamos sacar dacó a lancha, Toño, que vai bazar a marea e vamos quedar en seco.*

CAMBIAR O MAR

Pasar o mar dunha situación de malo para bo ou de bo para malo. *Moito cambiou o mar de ontes pa hoxe, ¿verdá?*

CAPEAR O TEMPORAL

Aproar a embarcación ás olas cando hai mal tempo, á menos marcha posible. *Mira Merexo, esto está moi malo pa traballar, vamos capear o temporal un pouco pa aguantarnos aquí.*

CORRENTAR AS AUGAS

Moverse con forza as augas ó subir e baixar as mareas; normalmente en dirección noroeste sueste. *Moi malo está hoxe pa largar as volantillas, correntan as augas máis do que parecía.*

CORRER O MAR

Facer olas o mar dun xeito continuado. *Corre moito o mar hoxe, hai que largar as artes por fóra, que por terra non se pode largar.*

CORRER (BEN) AS AUGAS

Moverse as augas con forza polo fondo aínda que, aparentemente, non se note pola tona. Facer resaca. *Corren ben as augas, fun pescar hoxe coa caña e ó dar o primeiro lance, a corrente xa levou o gueldo namais chegou o anzuelo ó mar; non levou a sedela de casualidá.*

CHEGAR O MAR EN TERRA

Subir moito a marea. *Moi grandes son as mareas estes días, hoxe chegou o mar en terra.*

CHEGAR OS MARES

Achegarse as olas agrupadas, entre tres e seis, dependendo do malo que estea o tempo, formando unha andana. Ó pasar hai uns minutos de calma, a xacente. *Xa chegan os mares, estate preparado Pedro, que na xacente temos que remar duro para entrar no porto, antes que veña a próxima andana.*

CHOUPLAR O MAR

Romper contra as pedras. *Mira como choupla o mar contra a pena Orxal, é ben grande hoxe.*

DESFACERSE O MAR

Romper as olas. *Mira como se desfai o mar nos farillós.*

ESTAR CABRÓN (O MAR)

Facer mal tempo. Ter o mar olas grandes. *Hoxe está cabrón, non podemos ir largar as nasas, vamos ter que agardar a ver se cambia, que así non nos deixa traballar tranquilos.*

ESTAR FODIDO (O MAR)

V. Estar cabrón o mar.

ESTAR GUAPO O MAR

Ter bo aspecto o mar para ir pescar. *Está guapo o mar hoxe, parece que dá o peixe.*

ESTAR O MAR COMA O CARALLO

Haber mal tempo no mar. Non estar o suficientemente bo como para poder ir pescar. *Para as artes que estás usando tu, está o mar coma o carallo, éche millor non saír hoxe.*

ESTAR O MAR COMA O SEBO

V. Estar o mar coma un plato.

ESTAR O MAR NA XACENTE

Estar o mar na calma que se dá entre dúas andanas (series de olas). *Vamos pa dentro, que vén a xacente (estando na boca do porto). ¡Avante agora! que o mar está na xacente, apura antes de que veña a seguinte andana.*

ESTAR PEIXEIRO O MAR

Dáse esta situación especial que só un mariñeiro pode descifrar, cando entre a brisa e a cor que adquire o mar, se deduce non só que ese momento é bo para pescar, senón tamén para qué tipo de pesca o mar está nas condicións óptimas. *Francisco, ¡que guapo está o mar! Parece que está dando o peixe, está peixeiro.*

FACER CHARPAZOS O MAR

Desfacerse as olas que embisten na embarcación e saltar a bordo. *Hoxe fai charpazos o mar, embarca a auga a bordo, hai que poñer a roupa de augas.*

FACER LOMBOS O MAR

Haber olas grandes. *Vamos acabar rápido de encarnar este riceiro de nasas e tiralo ó mar, que mira que lombos fai, está cerca o mal tempo.*

FACER MONTAÑAS O MAR

Facer olas grandes, producidas por unha galerna ou por outros ventos fortes do norte ou noroeste. *Moitas montañas fai o mar aquí por terra, ¡que fará máis a dentro!*

FACER OVELLAS *BLANCAS O MAR

Facer espuma as olas cando rompen por causa de calquera vento. *Moito venta hoxe, que o mar fai ovellas blancas.*

FACER RESACAS

Romper as olas con moita forza e facer moita corrente. *Moi malo está hoxe o mar, facía unhas resacas na praia que poñía medo.*

FACER SALSEIROS O MAR

Romper as olas contra a embarcación ou contra calquera outro obxecto, as rochas, na praia,... facendo espuma. *¿Oes, Mouriño? ¡Mira que fai salseiros o mar no 'Curbeiro'! Debe haber marexada.*

FACER SOMBREIRO O MAR

Elevarse unha ola ata o punto máis alto antes de romper; fai unha especie de copa ou de sombreiro, despois desfaise. *Dios, ¡vaia sombreiro fixo o mar alí!, ten coidado que cho bote encima.*

FACER SOMBREIRO UNHA OLA

V. Facer sombreiro o mar.

FACER UN MAR DE CARALLO

V. Facer un mar de moita hostia.

FACER UN MAR DE MOITA HOSTIA

Haber un mar moi bravo. Estar moi malo. *E logo, ¿non salistes hoxe pó mar, Manuel? - ¡Non ho!, calquera sale, ¡fai un mar de moita hostia!*

HABER GALERNA

1. Estar moi malo o mar. Ventar entre norte e noroeste. 2. En sentido figurado, a palabra galerna, aplícase tamén ás persoas moi rápidas. 1. *Hai galerna, non vamos poder ir pescar en varios días; mira qué mar vén por aí abaixo.* 2. *Manolito parece unha galerna cando corre.*

HABER MAR

Estar malo o mar. *Hai mar, hai mar, non é o que parece, é millor que nos quedemos en terra.*

HABER MAR DE FONDO

V. Haber mar de pé.

HABER MAR DE PÉ

Facer bastante forza as augas no fondo. Facer bastantes olas. “*Mouriño*”, *hoxe hai mar de pé, ¿non ves que resacas fai?*

HABER MAR MARAXEIRO

V. Haber balaxe.

HABER MAR *LARGO

Abarcar as olas un espacio moi longo. Nesta situación o mar tende a ir a máis. *Hai mar largo, non me gusta nada para traballar por terra, non nos vale, ¡menudas olas trai!*

HABER MOITO MAR

Ser moi grandes as olas, estar moi malo o mar. *Non vamos largar porque hai moito mar, teremos que agardar que calme a brisa.*

HABER POUCO MAR

Estar o mar case calmo de todo, con olas de intensidade pequena. *¿Iremos pescar hoxe, Inacio? - Hoxe non ten duda, que hai pouco mar, veña vamos.*

HABER REMUÍÑOS NO MAR

Ventar en forma circular, normalmente estes ventos veñen de terra. *Antón, se vas saír hoxe ten coidado, que hai remuíños, mételle a proa, que o teu barco de vela logo che dá volta.*

HABER TEMPORAL

Facer moi mal tempo no mar, haber grandes olas acompañadas de ventos fortes. *¿Iremos hoxe largar os trasmallos? - ¡Cala a boca, ho! ¿Pa onde vamos ir? ¿Non ves que hai temporal? Veña, vámonos pá casa.*

HABER TIRABUZÓS NO MAR

V. Haber remuíños no mar.

HABER UN CACHO DE MAR

Facer bastante mal tempo. Haber olas de gran tamaño, sen chegar a ser coma no temporal. *¿Vas ir ó mar hoxe, Merexo? Se vas ten coidado, que pa tódolos sitios non vale, que hai un cacho de mar.*

HABER UNHA BALAXE

Ter o mar olas pequenas que non impiden traballar. *Podemos ir pó mar, que parece que sólo hai unha balaxe de nada.*

HABER UNHA VAGA DE MAR

Facer olas moi grandes o mar, facer moi mal tempo. *Non podemos salir, que hai unha vaga de mar, e vamos acabar cos aparellos, vámonos pa terra.*

HABER (UNHA) BALAXE

Moverse pouco as augas. *Mira Inacio, vamos ir largar esta noite, que o mar é bon, tiven mirando e hai unha balaxe de nada.*

IR A MAREA A MENOS

Baixar a marea, ir a marea de viva a morta. *Temos que marchar aínda que estamos pescando ben, pero vai a marea a menos e non entramos no porto porque non vamos ter calado dabondo.*

IR A MAREA A MÁIS

Subir a marea, ir de morta a viva. *Vámonos indo, que vai a marea a máis e agora podemos entrar no porto, que ten calado a ría.*

IR AS MAREAS A MENOS

Baixar cada día menos o mar, deixar cada día menos descuberto. Ir as mareas de vivas a mortas. *Teño que ir ós pulpos hoxe para poder pescalos ó zamallo porque van as mareas a menos e mañá xa baixa pouco o mar.*

IR AS MAREAS A MÁIS

Aumentar de tamaño as mareas día a día. *Van as mareas a máis, dentro de dous ou tres días podemos ir mariscar.*

IR O MAR A MENOS

Mellorar o estado do mar. Hai menos olas e vaise poñendo bo. *Desde ontes foi o mar a menos, se sigue así mañá xa podemos ir ó mar.*

IR O MAR A MÁIS

Empeorar o estado do mar por influxo dos ventos e das mareas. *Hai un pouco case non se notaba o mar que había, pero agora mira que olas fai, vai o mar a máis.*

IR O MAR DE QUEDADA

Mellorar o estado do mar. Ir a menos. *Mañá podemos salir pescar, Eladio, que vai o mar de quedada.*

METERSE O MAR

Empeorar o estado do mar. *Tíñamos que ir largar as nasas por terriña, pero non podemos porque se meteu o mar, e no “Mógaro” non se pode traballar.*

PASAR O MAR

Chegar unha ola ou unha andana de olas por onde se atopa a embarcación. *Dálle avante agora Manolo, que xa pasou o mar e podemos entrar no porto, pero apura, que se volve cóllo nos.*

QUEDARSE O MAR

Remitir o mal tempo. *Quedouse o mar, agora podemos facer o que queiramos, ou ir pa terra ou seguir pescando.*

RECALAR O MAR

Chegar o mal tempo ó lugar onde está un. *Xa recalou o mar en Nois, logo vai chegar a Ribadeo.*

ROMPER AS OLAS

Desfacerse os salseiros. Desfacerse as olas, ben soas, ben contra algo. *Rompen as olas contra o xogal, vai vir mal tempo, ¿non che parece, Toño?*

ROMPER O MAR

Desfacerse as olas onde hai pouco calado. *Vaite máis fóra, que por aí rompe o mar, anda, líbrate dese baixo.*

RON DE MAR

Olas bastante grandes, pero sen vento. *Hai un ron de mar grande, vén entrando o mal tempo.*

SER BRAVO O MAR

Haber moitas olas e de gran tamaño. *Hoxe non podemos ir largar os miños, que o mar é bravo.*

€

SER CALMO O MAR

Ser tranquilo, seguro, de xeito que o mar non se move por ausencia de vento. *Hoxe podemos navegar por cerca dos coios, que o mar é calmo.*

SER GRANDE O MAR

Haber olas moi grandes. *É ben grande o mar hoxe, mira, meu tuiño, como rompe na pena Cha.*

SER MANSO O MAR

V. Ser calmo o mar. *¿Queres navegar? pois navega o que queiras que o mar é manso e non has ter duda ningunha.*

SER MORTO O MAR

V. Ser podre o mar.

SER PODRE O MAR

Estar as augas paradas, en calma total. *Podes salir tranquilo pescar, que o mar é podre.*

SER TODO O MAR UN BLANCOIRO DE VENTO

Desfacerse as olas con moita forza. *Facía ben vento cando viñemos pa terra, todo o mar era un blancoiro.*

SER VIVO O MAR

Estar chapoteando as augas, bulindo; tende a ir a máis. *O mar é vivo, non podemos largar ó pé da costa, que pode ir a máis e mañá atopar o aparello nunha corda.*

SER (MOI) FALSO O MAR

Ser inseguro o mar (dise cando o mar está calmo é de súpeto vén un golpe de mar). *¿Que falso é o mar hoxe! Mira qué ola rompeu aí, e parecía mansiño.*

SUCAR LARGO O MAR

V. Sucar ben o mar.

SUCAR (BEN) O MAR

Facer olas moi longas o mar, que abranguen unha extensión moi longa antes de romper. *Suca ben hoxe o mar, Vicente, ábrete dos baixos, que se nos colle de cheo, pártenos pola metá.*

TAR TOLDADO O FONDO

Estar as augas moi mouras, revoltas, tanto que non se pode ver o fondo. *Tito, hoxe non podemos ir pescar ós cintolos ca tina, que ta toldado o fondo.*

TER BOA CARA (O MAR)

V. Ter bon xeito o mar.

TER BON XEITO (O MAR)

1. Estar bo o mar. 2. Ter boa cara o tempo para ir pescar. 1. *Hoxe ten bon xeito o mar, podemos ir largar as nasas sen ningún problema.* 2. *Ten bon xeito o mar hoxe, non se pescará, pero parece que está dando o peixe.*

TER CONTRASTE O MAR

Ter unha cor especial as augas, porque se xuntan dous ventos nese lugar. Estar calmo. *Hoxe ten contraste o mar, están as augas un pouco nubladas.*

TER MAL XEITO O MAR

Presentar mal aspecto o mar, estar malo para poder pescar. *¡Que mal xeito ten o mar hoxe!, énos mellor ir pá cama, que pescar non vamos pescar nada.*

TER MAROLA O MAR

Empezar a facer olas o mar, cada vez van aumentando máis de tamaño. *Hoxe ten marola o mar, daqui a un pouco vámonos ter que ir pa terra.*

TER TRAPALLADA O MAR

Estar movéndose continuamente o mar. Ventar seguido. *Hoxe o mar ten trapallada dabondo que moito molesta pa traballar cas nasas.*

TER UN ARUXO O MAR

Moverse un pouquiño o mar. O mar non é manso de todo, pero carece de perigo sempre que non vaia a máis. *O mar hoxe ten un aruxo, pero non ten duda, sempre que non pase a un aruxón, así que vamos pescar.* A palabra *aruxo* admite gradación resultando *Ter un aruxiño* e *Ter un aruxón* para indica-la distinta intensidade do movemento do mar. *Vade pescar sin medo, Berto, que hoxe o mar ten un aruxiño de nada. O mar pola mañá tiña un aruxo pero agora ten un aruxón de moito carallo.*

TER UNHA BALAXE O MAR

Moverse un pouco as augas, debido a unha brisa suave. *O mar non é malo, pero ten unha balaxe que non deixa traballar nada ben.*

TER (O MAR) UN BULE-BULE

V. Haber balaxe.

TER (O MAR) UN CHAPE-CHAPE

Onomatopeia do ruído que fai a auga ó bater na carena da lancha. *Vamos largar, que o mar é manso, ten un chape-chape de nada.*

TRABALLAR O MAR

Haber moita resaca e moitas olas. *Toño, hoxe non podemos salir, que moito traballa o mar e non fai xeito ningún pa pescar.*

VIR A MIN O *TIEMPO

Vir cara a un o mal tempo, as olas. Estar situado nun lugar onde pegan as olas. *Vou ter que cambiar de sitio porque vén a min o tempo.*

VIR O MAR

Achegarse a un unha andana ou grupo de olas. Pode estar formado por entre tres e seis olas. *Aí vén o mar, tate atento é cando chegue a xacente rema forte.*

VIR O MAR ENRIBA DE UN

Romper unha ola encima dunha embarcación. *Estábamos pescando tan tranquilos, cando se veu o mar enriba de nosoutros, metémonos nun apuro de moita hostia.*

VIR O MAR Ó SEU

Poñerse bo o mar. (Pártese da premisa de que 'o seu', é cando o mar está bo para realizar calquera tarefa nel. Entenderemos entón que esta expresión significará que o mar pasou de estar malo, bravo, a estar bo para traballar).
Inacio, veu o mar ó seu, que malo era antes e mira hoxe que bon está.

VIR UNHA OLA COA FILLA ATRAIS

Acercarse dúas olas xuntas, unha grande, a primeira, a nai; e unha pequena, a segunda, a filla. A pequena é a perigosa para unha lancha porque unha vez que pasa a primeira, é onde se mete. *Mira Merexo, mira, esa ola vén coa filla atrais, ¡non me quero ver con elas!*

VIR UNHA ROTA

Chegar unha ola desfeita, acercarse unha ola que previamente se desfixo. *Menuda ola se está achegando a nosoutros Inacio, vainos partir en dous. -Anda, que vén unha rota, non lle teñas medo.*

Marea

***LENGUA DA MAREA**

Punto máis alto da marea chea ou da marea baixa, lugar a onde chega o mar. *Larguei as artes na lingua da marea, o máis en terra posible.*

MAR CHEO

V. Marea chea.

MAREA ABALADA

Mar cheo. *Ta a marea abalada, así entramos ben no porto.*

MAREA ALTA

V. Marea chea.

MAREA BAIXA

Baixamar. Refluxo. Momento en que o mar está máis afastado da costa. *Ás doce está a marea baixa é bon momento pa ir mirar por terra as covas do congro.*

MAREA CHEA

Preamar. Fluxo. Momento en que o mar está máis próximo á costa. *Xa teño o raño listo para ir ós pulpos, Miguel. -Pois vas fodido, que está a marea chea de todo.*

MAREA DEBALADA

Mar baixo. *Ta a marea debalada, non sei si poderemos entrar no porto.*

MAREA GORDA

Ascenso e descenso grande das augas. O mar baixa e sobe moito. *Vamos agardar que señan mareas gordas pa ir ós pulpos, senón non vai deixar descubertas as covas que queremos mirar, ¿ou que dices, Alfredoño?*

MAREA GRANDE

V. Marea viva.

MAREA MORTA

Movemento moi pequeno de ascenso e descenso das augas. *Pa mariscar non vale aínda o mar, que son mareas mortas.*

MAREA PEQUENA

V. Marea morta.

MAREA POBRE

Situación en que o mar case non cambia, case non se move coa marea. *Hoxe non vale a pena ir á ribeira co pulpeiro, que hai unha marea pobre.*

MAREA VIVA

Ascenso e descenso moi grande das augas. O mar sobe é baixa moito, por influencia da lúa e outros factores. *a) Sólo podemos entrar neste porto de marea viva, que dá calado. b) Podemos ir mariscar, que son mareas vivas e baixa moito o mar.*

SUBIR A MAREA

V. Subir o mar.

SUBIR O MAR

Chegar a marea ó seu nivel máis alto. *Estamos pescando moitos pulpos hoxe co zamaio, pero vai subir o mar e témonos que marchar, mañá volvemos, que aínda baixa ben.*

VIRSE A MAREA ENRIBA DE UN

Coller por sorpresa a subida da marea. *Estábamos pescando ben, pero veuse a marea enriba de nosoutros e tuvemos que virnos.*

Marisqueo (técnicas)

IR ÓS URIZOS

Coller de marea baixa, nas pozas, ourizos. *Hoxe vou ir ós urizos, que están cheños de todo.*

Nadar

NADAR COMA UN PEIXE

Desprazarse con moita facilidade por riba das augas. *Mira pa Tomás que ben nada, dá gusto velo, nada coma un peixe.*

NADAR E GARDAR A ROUPA

Saber quedar sempre ben. Saír ben dos apuros que se poden presentar. *Mira que quedou ben antes o Merexo diante de todo dios despois de todo o que dixu, ese sempre sabe nadar e gardar a roupa.*

Nadar/ Morrer

NADAR DE VEZ

1. Nadar sen parar ata chegar a onde se pretende. 2. Non volver nadar nunca máis.
1. *Se nadas de vez, seguro que chegas á meta diante de tódolos participantes.* 2. *Tocan as campás a difunto, alguén que nadou de vez.*

Navegación

ANCLAR DE CAPA

Botar a áncora pola proa ou pola popa para aguantar o temporal. Tamén se deben parar as máquinas. *É moito o mal tempo que se está caendo, non podemos navegar. Para as máquinas e arrea a ancla de capa.*

ANDAR NAS MÁQUINAS

Ir ó cuidado do motor da embarcación. *Manolo anda nas máquinas, ten un bon chollo que aforra irse mollando na cuberta.*

ANDAR NO *PUENTE

Ir destinado ós traballos que se realizan nesta parte da embarcación. *Pepe anda no puente e gana quiñón e medio.*

ARREAR A ANCLA

Tirar ó fondo do mar un instrumento, xeralmente de ferro, que serve para inmovilizar a embarcación. *Vamos parar acó e descansar un pouco. ¡Arrea a ancla Pepe!*

ARREAR A MESANA

Retirar unha vela que vai situada na popa da embarcación. *Pedro, arrea a mesana, que avanzamos ben e non nos fai falta.*

ARREAR O RISÓN

V. Arrear a ancla; o risón é, xeralmente, máis pequeno cá áncora e ten catro dentes; serve para fondear embarcacións pequenas. *Arrea o risón Pepe, que vamos fondear a embarcación.*

ARREAR OS CABOS

Soltar amarras no porto. *Arrea os cabos Milio, que temos que ir salindo pó mar.*

ATRACAR NO *MUELLE

Entrar no porto e amarrar a embarcación. *Apura con ese traballo, que temos que atracar no muelle antes da noiteña pa cenar cedo e, con suerte, chegar a tempo pa rular o peixe..*

BOIAR O APARELLO

Flotar o aparello na auga. *Mira como boia o aparello de tanto peixe como trae.*

CHEGAR COA MAREA

1. Chegar para vender todo aquilo que se pescou na singradura ou na marea. 2. Tamén se pode utilizar no senso de chegar a punto para entrar nun lugar onde hai pouco calado, por exemplo, unha ría. 1. *Chegamos coa marea a punto para poder entrar no muelle, se tardamos un pouco máis xa a marea estaría baixa e non daríamos entrado.* 2. *A ver como nos vale hoxe o peixe, que chegamos coa marea.*

CHEGAR NA PUNTA DO *TIEMPO

Arribar xusto antes de empezar o mal tempo. *Safamos ben, que chegamos na punta do tempo.*

CHEGAR PRÁ VENTA

Chegar do mar a tempo para subastar o peixe na lonxa. *Dálle avante Pepiño, que temos que chegar prá venta e logo son as sete.*

CHEGARSE EN TERRA

Acercarse a terra. *Chégate en terra, que alí dá menos o vento.*

DAR ATRAIS

Facer navegar a embarcación de popa para facer manobras. *Amodera Toño, e dálle atrais, que hai que parar aquí.*

DAR AVANTE

Empezar a navegar, partindo de parado. *Dálle avante Inacio; vamos indo, que nosoutros aquí acabamos.*

DAR MÁQUINA

Acelerar. *Dálle máquina Berto, que chegamos tarde pa rular o peixe e vén aí o mal tempo.*

DAR UNHA GUIÑADA

Saír unha embarcación do rumbo marcado. *¡Ai ho! Goberna ben dereitiño, que non fas máis que dar guiñadas.*

ESTAR A MEDIO LEVANTAR

Ter o aparello sacado a medias da auga. *Apura Tomás, que aínda estamos a medio levantar e hai que chegar con día ó porto.*

ESTAR ENROLADO

Tripular unha embarcación debidamente documentado e autorizado para andar a bordo. *Se queres que vaia contigo esta marea teño que estar enrolado senón non vou, que nunca se sabe o que pode pasar.*

FACER DÍAS DE MAR

Estar no mar, navegar. *Merexo, mete ben víveres na nevera, que temos que facer moitos días de mar, botaremos polo menos quince nesta marea.*

FACERSE Ó MAR

Saír con todo o necesario para unha singradura. *a) Manolo, voume prá cama, que mañá pola mañá cediño facémonos ó mar. b) ¿Tu queres pescar, Eladiño? Pois faite ó mar xa, ¡que agardas aquí!*

IR A FLOTE

1. Manterse na auga sen afondar. 2. En sentido figurado, repoñerse dunha desgracia, dun revés. Aplícaselle a aquelas persoas que, despois dun revés na súa vida se repoñen do mesmo. 1. *O aparello vai a flote, faltoulle o plomo.* 2. *Felipe xa vai a flote despois de que perdeu todo o que tiña cando naufragou.*

IR ESCORADO

1. Navegar unha embarcación inclinada cara a un lado polo vento ou pola carga. 2. Ir unha persoa bébeda movéndose dun lado a outro. 1. *Vamos moi escorados de babor, hai que ter cuidado.* 2. *Bebeu ben hoxe Pepiño, que iba escorado de carallo por aí adiante.*

IR MAREXAR

Ir navegar. *Xa estou canso de estar en terra, vamos marexar.*

IR POLO MAR ABAIXO

V. Ir ó garete.

IR RECALAR A EMBARCACIÓN

Navegar sen visibilidade. *Fun recalar a embarcación ó chegar a Fazouro, hasta alí non vin nada, había moitos neboeiros.*

IR Á DERIVA

V. Ir ó garete.

IR Á RIBEIRA

Dirixirse á beira do mar. *Vamos á ribeira mariscar, que hoxe baixa moito o mar.*

IR Ó GARETE

Navegar sen rumbo unha embarcación levada polo vento ou a corrente. *Víñamos de levantar os miños e quedámonos sin máquina, tiveron que virnos buscar, íbamos ó garete.*

IR/VIR VENTO EN POPA

1. Navegar ben, sen dificultades, co vento a favor. 2. En sentido figurado, ir ben os negocios. 1. *Ou, Antonio, imos vento en popa, deixa o timón un pouco e*

achégate, que vamos comer algo tranquilos. 2. -Moi ben lle van as cousas a Pedro desque cambiou de patrón, agora vai vento en popa.

MATARSE CONTRA O *TIEMPO

Navegar a moita máquina contra o temporal e non sacar ningunha vantaxe. *Vaia ho, matámonos contra o tiempo pa non lograr nada, cando chegamos á posta, xa non había peixe.*

NAVEGAR CON CALMA

Navegar sen vento ningún. *Hoxe podemos ir tranquilos, que navegamos con calma. Está o mar podre.*

NAVEGAR MAR E CAREL

Ir nunha embarcación moi cargada entrándolle case a auga dentro. *Moito estamos pescando pero temos que parar, que nosoutros non podemos levar máis, xa vamos mar e carel.*

REXURXIR A EMBARCACIÓN

Rexurdir, volver a pórse a flote. Caer un golpe de mar encima da embarcación e erguerse, a pesar da intensidade grande da ola. *¡Vaia golpe de mar nos pegou!, pensei que non rexurxía a embarcación.*

SOLTAR AMARRAS

Afrouxar os cabos que aguantan da embarcación para poder saír navegar. *Vamos soltar amarras, que hai que salir axiña pó mar.*

TROMPEAR CONTRA O *TIEMPO

V. Matarse contra o tempo.

VIR DE ARRIBADA

Regresar a porto debido ó mal tempo. *¿Xa viñestes de marea Antonio? - Non home non, houbo que vir de arribada porque o tempo non nos deixaba traballar.*

VIR TROPEZAR NA PEDRA

Chegar ó punto de destino sen erro, ó rumbo marcado. *Son tan perfectos estes aparatos que temos hoxe pa navegar, que ves tropezar na pedra.*

Navegación (afondar)

ACALUMAR AS BOIAS

Ir ó fondo as boias por non poder coa presión da auga ou non ter presión suficiente para flotar. *Moito corren as augas, meu Manoliño, que acaluman as boias, así non pescamos nin un carabelo de farros, dígocho eu...*

IR A PIQUE

1. Afondar a embarcación. 2. Fracasas. 1. *¿Sabías que ó Merexo fôiselle a lancha a pique na entrada do porto? 2. O Andrés foi a pique no negocio que puxo en terra e agora volveu a enrolarse con Vicente.*

IR Ó FONDO

Deixar de flotar. *Perdimos a boia e agora o aparello vai ó fondo direto.*

NADAR COMA O *PLOMO

Ir ó fondo por non saber nadar. *Hoxe non traballamos máis, vamos arrear o risón e darnos un baño, que están as augas claras e o mar é manso de todo; ¿qué dices Berto? - Digo que te bañes tu si queres, Vicentiño, que eu nado coma o plomo, ben o sabes.*

Navegación (desembarque)

ESTAR DESENROLADO

Desembarcar dunha embarcación. *A partir de hoxe estou desenrolado desa embarcación porque acabamos a campaña.*

Navegación (detención)

PARAR MÁQUINAS

Deter a embarcación apagando o motor. *Vamos parar máquinas, que aquí parece que temos unha boa posta pa pescar.*

Navegación (dirección)

ABRIRSE PA FÓRA

Apartar a embarcación dun obstáculo cando se vai navegando; pode ser de terra ou dun obxecto calquera que flote no mar e que pode ser perigoso, pero sempre mar a dentro. *Ábrete pa fóra Eladio, que se vas tanto en terra hai pouca auga.*

IR PA TERRA

Dirixirse a porto. *Merexo, xa podemos ir pa terra, que se acabou o día.*

MAR A DENTRO

Dirixir a embarcación lonxe da costa. *Vamos pescar ós calamares, hoxe non te podemos levar con nosoutros, picariño, que vamos mar a dentro e maréaste.*

MAR A FÓRA

V. Mar a dentro.

TIRAR PA FÓRA

Dirixir a embarcación mar a dentro. *Tira pa fóra Vicente, non ves que vamos moito en terra.*

TIRAR PA TERRA

Dirixir a embarcación a porto. *Tira pa terra, que por hoxe xa pescamos abondo. ¿Seguimos pescando, Ignacio? Parece que se levantou unha brisa. - Non, tira pa terra, que por hoxe xa estuvo ben.*

VIRAR POR BABOR

Cambiar de dirección a embarcación polo lado esquerdo mirando de popa a proa. *Manolo, vira por babor, que pola dereita hai un barco que nos estorba.*

VIRAR POR ESTRIBOR

Cambiar de dirección a embarcación polo lado dereito mirando de popa a proa. *Vira por estribor, rápido, que vin unha mada de peixe aí mesmo.*

Navegación (embarque)

IR A *SUELDO SABIDO

Embarcar un mariñeiro en certo tipo de pesca cunha paga acordada, sen ter en conta o que se pesque. Normalmente combínase cun tanto por cento do que se pesque a partir dunha certa cantidade. *É duro o traballo na lancha ¿verdá, Tomás? - Duro será, pero eu vou a sueldo sabido, así que, si me amolan moito, vou facer días de mar e ó carallo.*

IR PÓ MAR

Embarcar. Saír de pesca. *Imos pó mar, vamos ver se ganamos o día.*

Navegación (posición)

DAR PÉ

Chegar ó fondo das augas unha persoa posta de pé. *Salta da lancha Tomás, non teñas medo, non ves que acó das pé sen ningún problema.*

ESTAR FONDEADO

Estar a embarcación parada mediante unha áncora ou un risón que se tira ó mar para que se agarre no fondo. *¿Onde tedes a lancha, Pepe?-Está fondeada no medio da ría.*

ESTAR NA BOCA DO PORTO

Estar situada unha embarcación onde empeza o porto, na entrada do porto. *Xa pasou o peligro, xa estamos na boca do porto, agora xa pode vir o mar se quere, que nosoutros xa estamos safados.*

ESTAR NO MEDIO DA TRAPALLADA

Estar unha embarcación no mar con vento do nordés. *Salimos do porto de Nois con calma chicha, cando nos dimos conta, estábamos no medio da trapallada.*

TAR EN ABERTO

Ter a embarcación lonxe de terra, libre de obstáculos. *¿Largamos o aparello Inacio?- Se tas en aberto larga, pero non te chegues a terra.*

TAR EN CUBERTO

Ter a embarcación situada sobre un fondo que non é de area, senón que está formado por rochas. *Tamos en cuberto, podemos largar acó un riceiro de nasas, que pode pescar ben.*

TAR NO LIBRE

V. Tar en aberto.

TAR POR FÓRA

Estar a embarcación a última mar a dentro, con respecto ás demais. *O noso barco ta por fóra, é o último desa andana de barcos, vamos ter que acercarnos un pouco máis por terra non vaia ser que se levante unha brisa e nos colla solos.*

Navegación (preparación)

ARRANCHAR O BARCO

Meter no barco todo o necesario para facerse ó mar: aparellos de pesca, víveres, etc. *¿Cando saídes pó mar Pedro? -Podemos saír en calquera momento, que vamos agora mesmo arranchar o barco.*

FACER GASOL

Meter no depósito do barco o combustible para navegar (gasóleo). *Os 'Chaveas' xa teñen arranchado, que xa fixeron gasol e meteron víveres a bordo.*

FACER VÍVERES

Meter na embarcación todo o necesario para que a tripulación coma e beba durante a etapa en que se vai dedicar á pesca cunha arte determinada. *¿Salides esta noite pó bonito Pepe?- Non, esta noite non, que aínda temos que facer víveres mañá.*

IR GUARNIR

Ir preparar a embarcación para saír pescar. Ir preparar calquera arte que se estea a utilizar nese momento. *Vamos guarnir Vicente, veña, vamos guarnir, que temos o aparello todo tirado en terra e así non se pesca nada.*

METER O APARELLO A BORDO

Colocar o aparello na embarcación. *Eladio, mete o aparello a bordo, que vamos dar unha larga.*

Navegación (sinal)

DEIXAR A BOIA BALIZANDO

Tirar ó mar unha marca fixa. *Aí deixei unha boia balizando, que escabecei o aparello.*

FONDEAR A BOIA

Deixar un sinal dun aparello flotando. *Fondea a boia aí, que despois temos que dar rápido con este sitio.*

Navegación (sinal/posición)

DEIXAR/QUEDAR BOIADO

1. Deixar sinalada calquera cousa no mar cunha boia. 2. Quedar parado. 1. *¿Onde deixaches o marisco meu irmao? -Deixeino boiado na entrada do porto nunha bolsa.* 2. *Pasei hoxe a embarcación do Patrocinio e quedou boiada, non se movía.*

MARCAR POLO GONIO

Sinalizar a posición da embarcación mediante un aparato de radio (o gonio). *Marcamos polo gonio a situación e navegamos pa terra.*

Navegación (técnicas de)

ABRIRSE DOS BAIXOS

Dirixir a embarcación mar a dentro para separala das rochas onde rompe o mar. *Ábrete dos baixos Toño, ábrete que hai moito mar.*

ABRIRSE PA TERRA

Separarse dun obxecto que estorba para a navegación da embarcación, en dirección á costa. *Cuidado con eso que se ve na auga, ábrete pa terra que non libramos.*

ANDAR A REMO

Navegar nun bote sen motor, tirando polos remos. *Mira como teño as maos meu tuño, estes días andamos a remo porque pa ir balar é máis cómodo, pero desfai as maos, e, aínda por riba solo pescamos catro budiós e unhos cantos muxes.*

ANDAR Ó ARRASTRE

Pescar mediante unha rede de grandes dimensións que vai rastreando o fondo das augas, tirada por un barco. *Pedro anda ó arrastre e vén tódolos fis de semana á casa.*

ANDAR Ó BONITO

Dedicarse á pesca deste peixe. *Pablo anda ó bonito na lancha dos Chaveas.*

ARREAR EN BANDA

Soltar algo de golpe. *Arrea en banda esa corda, Tito, que quedou presa unha nasa no fondo e vamos tirar un par delas ó mar a ver se solta.*

DAR MESANA

Izar unha vela que vai situada na popa da embarcación para navegar máis estable, tamén dá máis velocidade. *Non fai máis que moverse a lancha, é mellor dar mesana, que navegamos e traballamos máis cómodos.*

DAR O FOQUE

Poñer unha vela de proa para estabilizar a embarcación e navegar máis cómodo porque, entre outras cousas, a embarcación dá menos bandazos. *Venta bastante fresco, Valentín, dá o foque, que pa ir pa terra navegamos mellor.*

DAR UN CABO

V. Dar chicote.

DERIVAR O TEMPORAL

V. Derivar o tempo.

DERIVAR O *TIEMPO

Tirar unha áncora pola popa e deixar ir indo a embarcación coa corrente para librarse do mal tempo. *Vámonos poñer pouco a pouco en popa e derivar o tempo a ver que pasa.*

ENFILAR Ó *TIEMPO

Poñer a embarcación coa proa ou coa popa fronte as olas para capear o temporal. *Enfila ó tempo a embarcación, non te vaias de amura nin de aleta.*

ENTRAR POLA TASCA

Dirixir a embarcación por un canal distinto ó da entrada dunha ría, con menos auga e que rompe o mar por fóra. As olas son máis pequenas porque hai menos auga e navegase mellor. *Hoxe en Foz, entrei pola tasca pa librarme do mar, polo canal había moito.*

ESTAR ABICADO

Estar aliñada a embarcación con un ou máis puntos para entrar ou saír dun sitio. *Está abicado o porto de Burela, podemos entrar.*

ESTAR Á CAPA

Agardar o cese do mal tempo unha embarcación coas máquinas paradas ou andando coa menos máquina posible. *Era tanto o temporal, que era imposible navegar e tivemos que estar á capa.*

ESTAR CABO ABICADO

Ter dous cabos aliñados para situarse no mar. *A boia de terra está cabo abicado, en liña co cabo de Morás e o de Burela, non ten perda.*

FACER UNHA CIAVOGA

1. Dar a volta ó redor dunha baliza. 2. Vogar cun remo e ceir co outro o mesmo home, é dicir, cun remo faise que a embarcación avance ó mesmo tempo que co outro tira por ela para atrás, facendo así que a embarcación xire en redondo. 1. *Demetrio, teslle que facer varias ciavogas á baliza se queres ganar a regata.* - *Deixa a ver se aguanto a primeira, que xa non che estou pa estes trotes.* 2. *Tes que facer unha ciavoga, Titiño, se ques deixar o bote coa proa mirando pa terra.*

GOBERNAR A RUMBO

Navegar dereito cara a un punto fixado previamente. *Vamos dereitiños pó porto de Nois, anda, goberna a rumbo.*

GOBERNAR Á VIA

Levar a embarcación dereitiña sen saír para nada do rumbo fixado. *Goberna á vía Vicente, que te estas saíndo do rumbo e así non chegamos nunca a porto.*

IR AVANTE

Ir navegando a embarcación de proa. *Aquí non pescamos nada, nosoutros cambiamos de sitio, vamos avante.*

IR MOITO EN TERRA

Navegar coa embarcación moi pegada á costa. *Vamos moito en terra, como se erga un pouco de vento temos que abrirnos rápido.*

IR/VIR A RUMBO

Navegar dereito. *Atopamos bon tempo, viñemos a rumbo e chegamos cedo ó porto.*

IR/VIR A FAVOR DO *TIEMPO

Poñerlle a popa ó vento. *Chegamos rápido ó porto, que viñemos a favor do tempo.*

IR/VIR APROADO

V. Ir/vir en proa. *Navegamos aproados todo o tempo.*

IR/VIR EMPOPADO

V. Ir/vir en popa. *Viñemos empopados todo o tempo.*

IR/VIR EMPROADO

Navegar unha embarcación demasiado cargada de proa ou navegar co vento de proa. *Dios, navegábamos ben se non fose o barco tan emproado.*

IR/VIR EN CONTRA DO *TIEMPO

Navegar de proa ó vento. *Vaia viaxe. Viñemos sempre en contra do tempo e tardamos máis da conta.*

IR/VIR EN POPA

Navegar co vento soprando pola popa ou levar moita carga en popa. *Cando estábamos pescando veu un vento moi fresco e puxémonos ó xeito para vir en popa.*

IR/VIR EN PROA

Navegar co vento de cara, en contra do vento. *O malo é que pa ir pescar a onde queremos temos que ir de proa e vamos tardar moito.*

IR/VIR TASQUEANDO

Buscar un canal, se se navega con embarcacións pequenas, con pouca auga, quedando sempre por fóra un lombo de area onde o mar se desfai. *Vin tasqueando pa entrar no porto de Foz pa non me meter ó canal da entrada, que eran os golpes de mar moi fortes.*

IR/VIR (CO MAR) DE ALETA

Navegar, con mal tempo, poñéndolle a popa ó mar. *Vicente, si ves unha marejada forte non vaias de aleta que te atravesa, ponte enfilado de popa.*

IR/VIR (CO MAR) DE AMURA

Navegar algo atravesado. Colocar a embarcación, cando se navega, nunha situación que nin é de proa nin é de costado; é unha forma de navegar recomendable con mal tempo. *¡Oes Manuel! non lle metas a proa ó tempo, máis ben, vaite co mar de amura.*

IR/VIR (CO MAR) DE COSTADO

Navegar co vento soprando por babor ou estribor, dificultando a navegación. *Si o tempo non empeora vamos ben co mar de costado pero se empeora non podemos ir así.*

LIBRAR DOS BAIXOS

Alonxarse de terra. Levar a embarcación mar a dentro, onde hai máis auga. *Pon proa a fóra pa librar dos baixos que temos aí diante.*

NAVEGAR DE ALETA

V. Ir/Vir de aleta.

NAVEGAR DE AMURA

V. Ir/vir de amura.

NAVEGAR DE COSTADO

V. Ir/Vir de costado.

NAVEGAR EN BUSCA DO *TIEMPO

Achegarse ó mal tempo coa embarcación, para despois poder escapar máis fácil del. *Viñemos ben pa terra porque navegamos en busca do tempo, e así abrigámonos e non padecemos tanto.*

NAVEGAR EN MARCHA LIBRE

Navegar coa embarcación sen ningún obstáculo e sen forzar o motor. *Vámonos meus picariños, que acabamos a faena, veña Berto dálle avante, que vamos navegar en marcha libre hasta chegar a Burela.*

NAVEGAR POR TERRA

Desprazarse coa embarcación pegado á costa. *Navega por terra, Milio, que se ergueu o vento do sur.*

NAVEGAR POR TERRIÑA DE TODO

Levar a embarcación o máis pegada á costa que se poida. *Navega por terriña de todo, que quero atopar a boia de terra e debe estar por aquí.*

POÑERSE Á VÍA

Poñer a embarcación en popa, recta. *Ponte á vía ho, non vaias atravesado.*

REMAR Á CINGLA

Utilizar un remo só para mover o bote, posto pola popa ou por un costado, sen enganchalo no tolete, normalmente porque se perdeu o outro ou porque rompeu. Tamén se utiliza este xeito de remar para desprazar o bote ou a lancha en traxectos curtos, por exemplo dentro do porto. *Inacio, solo teño un remo e non sei como facer. - ¡Non me amoles, ho!, que de aquí a alí ben vas remando á cingla.*

REMAR ÁS DÚAS MAOS

Desprazar a embarcación a remos pares ou coas dúas mans no mesmo remo. *Vicente, non remes cunha mao sola, que non vas facendo nada, rema ás dúas maos, ¡fai algo!*

TODO AVANTE

Navegar con toda a forza que teña o motor da embarcación. *Dálle todo avante Antonio, que temos que safar dese barco, ¿ou ques embestir con el?*

VIR COA MAREA

Aproveitar a subida da marea para entrar nun sitio determinado coa embarcación.
Xa pescamos dabondo por hoxe, vai sendo hora de irse, vámonos coa marea para poder entrar pola ría senón despois non vamos ter calado.

BARCO EN POPA, MEDIO *PUERTO

Navégase mellor dándolle a popa ás olas; non sofre tanto o barco nin a xente e avánzase máis. *Vamos seguir navegando así, barco en popa, medio puerto.*

Navegación (varar)

QUEDAR NO SECO

Varar. Tocar fondo a embarcación porque quedou sen auga. *Baixou ben a marea hoxe, que veño do porto e quedou no seco a lancha.*

TOCAR FONDO

1. Varar. Quedar sen auga suficiente para que a embarcación flote. Pousarse a embarcación no fondo por falta de auga. 2. Ser unha persoa acabada. 1. *Ten cuidado Tomás, que te colaches pa terra de máis, tocaches fondo. Se vas un pouco máis en terra quedas alí.* 2. *Pobre Enrique, non dá pa máis, este home tocou fondo, e todo desque perdeu a embarcación na galerna de fai dous anos, ¿acordádesvos?*

VARAR A EMBARCACIÓN

Quedar en seco, tocar fondo a embarcación por falta de auga. *Atraca aí Chingolo, vamos deixar a lancha aquí, que aínda que vare, vén a marea a tempo para poder salir despois.*

Navegación/ Borracho

DAR BANDAZOS

1. Inclínarse, violenta e lateralmente, unha embarcación. 2. Camiñar, unha persoa, dunha banda a outra, por efectos do alcohol. 1. *Moito mar había hoxe contra Ribadeo, a lancha non facía máis que dar bandazos e non se podía traballar.* 2. *Moitos bandazos dabas ontes, Bertiño, debías vir de cas de Brea, que alí hai bon viño.*

Navegación/ Dificultades

NAVEGAR CONTRA CORRENTE

1. Enfrontarse a dificultades, saír mal todo o que facemos. 2. Navegar en sentido contrario ó que corren as augas. 1. *Ai ho, hoxe navegamos contra corrente, que todo nos sale mal.* 2. *-Moito tardastes hoxe en largar os aparellos, Vicente. -Cala, que navegamos contra corrente todo o tempo e non anduvemos nada.*

Navegación/ Fracaso

IR Á SONADA

1. Dirixirse a un lugar do que se escoitou que se estaba pescando ben, e ó chegar xa non haber nada. 2. Fracasar. *Non pesquei nada, fun á sonada e cando cheguei acabárase todo.* 2. *Fracasar.*

Ociosidade

ESTAR A VELAS VIR

Estar sen facer nada. *Non pescamos nada en todo o día, estuvemos a velas vir.*

FACER A MACANCONA

Folgazanear. *¿Sabes porque rende tan pouco Toño no traballo?- Pois porque se dedica a facer a macancona.*

FACER A MAULA

V. Facer a macancona.

Peixe

BRINCAR O PEIXE

Dar o peixe saltos fóra da auga. *Mira como brinca alí o peixe, Merexo, arrea o rizón e agarda un pouco a ver que fai.*

BULIR O PEIXE NA PARADA

Verse mover o peixe na auga cando se para a embarcación para pescar. *Meu fillo, bulía o peixe na parada que metía medo, moito debía haber.*

DAR CO PEIXE

Chegar ó lugar onde hai pesca. *Navegamos abondo pero agora demos co peixe e xa podemos poñernos á faena.*

DESLEAR O PEIXE

Sacar peixe de onde ven envolto. *Deslea ese peixe rápido, que hai que dar outro lance.*

DESMALLAR O PEIXE

Sacar o peixe das mallas para preparalo para a venda. *Manolo, hai que desmallar o peixe axiña, que xa logo é hora de rular e nosoutros aínda estamos aquí sen facer nada.*

ENGADAR O PEIXE

1. Xuntar o peixe nun lugar mediante un engano para despois podelo pescar. 2. Botar carnada ó mar para que o peixe se xunte preto da posta onde queremos pescar, ben sexa con cana, ben sexa con algunha outra arte que o necesite. 1. *Pedro, tira a pulga ó mar se queres engadar o peixe e che veña por aí.* 2. *Aquí hai unha boa posta, vamos engadar o peixe.*

ESTIBAR O PEIXE

Colocar todo o que se pesca na neveira da embarcación ou ordenalo ben nunha caixa. *Estiba o peixe con xeitiño nesas caixas Tito, a ver se nos colle todo e así non se maza tanto.*

GUARNIRSE O TOLIÑAR

Xuntar as toliñas o peixe despois de ir rodeándoo. *Mira Inacio como se guarneu o toliñar nun momento. Está o peixe todo xuntiño.*

LEARSE O PEIXE

Engancharse o peixe nas mallas das redes que se botan no mar para tal fin. *Non sei por que se leou o peixe tan ben hoxe no aparello, mareou ben.*

MALLAR O PEIXE

Learse o peixe nunha rede que se tira na auga para pescar. *Levanta rápido Merexo, levanta rápido os trasmallos, que se está facendo noite, hoxe mallou o peixe ben e vainos levar moito tempo desmallalo.*

MAREAR DE ALBA (O PEIXE)

Picar certo tipo de peixe nese momento do día. O peixe branco todo marea de alba.
Se queres pescar merluza larga o aparello antes do día, ten en conta que marea de alba.

PEGAR CO PEIXE

Dar co peixe, pescar ben. Saír de pesca e atopalo. *Patrocinio, hoxe salimos de boas, aínda estamos na punta do porto e xa pegamos co peixe.*

PEIXE BON

V. Peixe fino.

PEIXE DE FONDO

Peixe que se move polo fondo das augas. *Vamos largar o palangrillo a ver se pescamos algún rodaballo, que é peixe de fondo.*

PEIXE MALO

V. Peixe ruín.

RULAR O PEIXE

Subastar o peixe na rula ou lonxa. *Vamos pa terra Leopoldiño, que xa logo son as oito e ás oito e media hai que rular o peixe.*

SER TODO O MAR UN BLANCOIRO DE PEIXE

Peixe que vai mareando de noite e fai na auga reflexos de cor branco. *Víñamos navegando, e desde a Raxoa hasta o Curbeiro, todo o mar era un blancoiro.*

TORNAR O PEIXE

Espantar o peixe, facer que escape. *Xa che teño dito que non te asomes tanto pola borda, que calquera día a túa maldita cara vainos tornar o peixe.*

Peixe (abundancia)

BOTAR O PEIXE EN TERRA

Dar moita pesca o mar. *Que guapo está o mar Mouriño, parece que bota o peixe en terra.*

HABER PEIXE A DAR CUN PAO

Abundar a pesca. Haber moita cantidade de peixe. V. A dar cun pao.

HABER PEIXE A EMBUTE

V. A dar cun pao.

HABER PEIXE A ESGALLA

V. A dar cun pao.

HABER PEIXE A MARES

V. A dar cun pao.

HABER PEIXE A MAZO

V. A dar cun pao.

HABER PEIXE COMA A MERDA

V. A dar cun pao.

HABER PEIXE COMA A PALLA

V. A dar cun pao.

HABER PEIXE EN CHEDA

V. A dar cun pao.

***SELLAR A NEVERA**

Encher a neveira de peixe. *Leopoldo, pon rumbo a terra, que xa sellamos a nevera e aínda podemos chegar para rular hoxe o peixe.*

TER PEIXE A ESGALLA

1. Conseguir unha grande cantidade de peixe na actividade realizada. 2. En sentido figurado, ter moitas mozas. 1. *Pasei a carón da lancha dos Chaveas, e teñen peixe a esgalla metido a bordo.* 2. *Cando eu era novo tiña peixe a esgalla, non vaías pensar que sempre fun vello coma agora.*

Peixe (conxunto)

MADA DE PEIXE

Conxunto de peixes que se ven na tona da auga. *¡Oi, Berto! Mira, aquela brisa que se ve alí no mar, éche unha mada de peixe que vai mareando.*

TROLLEIRA DE PEIXE

Grupo de peixe que vai saltando sobor da auga e que se ve a simple vista. *Mira qué trolleira de peixe vai alí Tomás, dios, dá xenio velo saltar.*

XARIA DE PEIXE

Conxunto de peixes que se ven na tona da auga que, con movementos bruscos, pega como estoupidos sobor dela. *Debemos ter cerca o bonito, que se ve unha xaria de peixes, mira Cándido, mira que espertigazos fai.*

Peixe (desprazamento)

AMURGULLARSE O PEIXE

Escondese o peixe. Meterse no fondo das augas. *Dálle avante rápido que xa non chegamos a tempo para pescar aló; mira, amurgullouse o peixe.*

ANDAR O PEIXE POR TERRIÑA

Estar o peixe moi próximo á costa. *Anda o peixe por terriña de todo, mañá hai que ir dar unha larga que está o mar bon e podémonos acercar á costa a ver si collemos dous bispos pa facer un guiso.*

CALAR O PEIXE

Meterse o peixe no fondo das augas. *Vaia por dios, xa non chegamos a tempo, agora non temos nada que facer, que calou o peixe, se pescamos algo é de casualidá.*

FACER ARDOR (AS AUGAS)

Bulir, os peixes de noite na tona da auga como se fosen brasas. *Mira como fan ardor as augas Vicente, debe haber moito peixe, ¡vamos largar aquí!*

IR EN MADA

Desprazarse o peixe en grupo. *Vamos largar aí, que vai o peixe en mada, que ben se ve.*

IR EN XARIA

Desprazarse o peixe en grupo dando unha especie de lostregazos na tona da auga. *Mira, Luís, que ben se ve o peixe, vai en xaria.*

IR MAREANDO O PEIXE

Moverse na flor da auga. Cando se dá esta circunstancia, péscase ben. *Larga aí Manolo, que vai mareando o peixe.*

MAREAR AS XARIAS

Conxunto de peixes que se ven en distinto puntos. *Dios, como marean as xarias, parecen bandadas de páxaros.*

MAREAR O PEIXE

1. Moverse, desprazarse. 2. Picar o peixe. 1. *Mira como marea hoxe o peixe, vese mover pola tona da auga.* 2. *Que ben marea o peixe, collín un cesto de sargos en media hora.*

Peixe (diminución)

MINGUAR A TROLLERA

Ir a menos o peixe que estaba xunto. *Empezamos a pescar moi ben pero axiña minguou a trollera.*

Peixe (limpeza)

ESCAMAR O PEIXE

1. Escapar o peixe dunha posta porque caeu unha escama ó mar. 2. Limpar o peixe de escamas. 1. *Estaba pescando ós muxes en Morás e, non sei como fixen, que escamou o peixe e tuven que virme sin pescar nada.* 2. *Limpar o peixe de escamas.*

Peixe (picar)

COMER BEN O PEIXE

Picar facilmente. *Moi ben comía hoxe o peixe, e eso que estaban as augas bastante claras.*

COMER MAL O PEIXE

Picar pouco. *Comía mal hoxe o peixe, non pesquei máis ca dous sarguetos pequenos.*

DAR (BEN) PEIXE O MAR

Picar ben. *¡Hoxe daba ben peixe o mar ho! Namais fixemos unha larga e xa cargamos.*

DARSE BEN O PEIXE

V. Comer ben o peixe.

PICAR O PEIXE

1. Enganchar o peixe nun anzol mediante un engado ou engano que se lle pon no mesmo. 2. Tamén, nun sentido figurado, aplícaselle a aquela persoa que responde diante dalgún tipo de engano. 1. *Hoxe ten que picar o peixe, que o mar está no seu punto aínda que ten un aruxiño de nada.* 2. *O Manuel casou coa María, ¡picou o peixe!*

TRAGAR O *ANZUELO

1. Picar o peixe no engano. 2. Caer alguén nunha trampa ou engano. 1. *Este peixe tragou o anzuelo hasta dentro, non escapaba.* 2. *Felipe tragou o anzuelo cando lle dixen que esta era unha mal posta para pescar.*

Peixe (posición)

TER O PEIXE NA POSTA

Reunir o peixe nun lugar axeitado para pescalo despois de botarlle o engado. *Trai pa aquí a caña, que vou pescar que xa teño o peixe na posta.*

Peixe (preparación)

LAÑAR O PEIXE

Abrir o peixe ó son da espiña para salgalo ou poñelo a curar. *Julián, laña o peixe que trouxo hoxe teu pai, que estes días hai dabondo pero hanos facer falta pó inverno.*

Peixe (ver)

VER EN ARDOR

Ver o peixe de noite ó alcance da vista, na flor da auga. (O peixe nestas circunstancias desprázase a modo.) *Todo este peixe que collemos hoxe vímolo en ardor, daba gusto velo rebulir na flor da auga.*

VER EN POMBADA

Ver o peixe bulir na flor da auga de noite. (Cando o peixe vai en pombada desprázase bastante rápido.) *Todo este peixe que pescamos hoxe vímolo en pombada, aínda que navegaba bastante rápido.*

VER EN XARIA (O PEIXE)

Ver o peixe desprazándose na flor da auga durante o día. *Mira Inacio, mira, ese peixe vai mareando como tomando o sol, vese en xaria.*

VER O PEIXE Ó OLLO

Ver o peixe a simple vista sen necesidade de ningún aparello. *Pepe, mira pa alí como marea, vese o peixe ó ollo.*

Peixe/ maldade

PEIXE RUÍN

1. Peixe de mala calidade 2. Mala persoa. 3. Persoa pouco atractiva. 1. *A boga é peixe ruín, a min non me gusta nada.* 2. *Non te fíes desa persoa, que eu conózoa fai moitos anos, é peixe ruín.* 3. *Esas rapazas que viñeron de Madrid non son moi guapas, é peixe ruín.*

Peixe/ riqueza/ picardía

PEIXE FINO

1. Peixe de boa calidade. 2. Persoa rica, atractiva. 3. Persoa pillabana. 1. *O rape é peixe fino, xa o creo.* 2. *Esas mozas non están nada mal, é peixe fino.* 3. *Non te fíes de Merexo, que é peixe fino.*

Perigo

SAFAR A EMBARCACIÓN

Salvar o barco. Saír dalgún perigo sen sufrir ningún dano. *Marchamos da 'Fonte Castra' a tempo e safamos a embarcación, agora teríanola desfeita o mar, porque moito se meteu.*

Permiso

DESPACHAR O ROL

Recoller a autorización que dan as autoridades de mariña para poder pescar. *Toño, non se che ocurra ir pó mar sen despachar o rol, que andan os da marina encima de nosoutros.*

Pesca

CARGAR DE OLGA

Encher os aparellos de algas polo efecto do mal tempo. *¿Pescastes ben 'Chingolo'?*
-Peixe non collemos moito pero cargamos de olga, ¿que che parece?

SAFAR A MAREA

Pescar o suficiente para non perder. *Pescamos ben picariños, podemos marchar pa terra, que safamos a marea.*

TRAER PAN PA TERRA

Pescar. *Temos que salir pó mar, que levamos case oito días sen salir e hai que traer pan pa terra.*

O QUE VAI Á SONADA, NADA

Todo aquel que vai pescar por informacións que lle chegan de outros, non vai pescar nada, non vai conseguir nada de valor.

Pesca (abundante)

FACER UNHA BOA LARGA

Pescar ben. *Xa podemos ir pa terra, que fixemos unha boa larga. Cubreu ben.*

Pesca (abundante)/ Perigo

SAFAR BEN

1. Pescar ben. 2. Saír dalgún perigo. 1 *Xa podemos ir pa terra que por hoxe pescamos dabondo, safamos ben.* 2. *Menudo golpe de mar nos deu hoxe cando estábamos levantando as nasas, meu Vicentiño, non sei si non nos rompería algo, deixa a ver.*

Pesca (aparello)

FALTAR O APARELLO

Romper o aparello cerca do comezo ou do remate cando se está levantando, quedando parte na lancha e parte no mar. *Íbamos levantar os tramallos e, a medio levantar, faltou o aparello.*

FOLEAR O APARELLO

Estar as redes frouxas na auga facendo unha especie de foles que lle permiten pescar. De manterse teso, o peixe non marearía. *Este aparello si que me gusta, eu penso que pode pescar ben porque folea bastante.*

LARGAR EN CUBERTO

Deixar o aparello de pesca nun fondo con coios e olgas. *Non sei onde largar as nasas Inacio, ¿tu que me aconsellas? -Mira, dende a Borneira hasta a Raxoa, pás nécoras, é bon largar en cuberto.*

LARGAR EN LIMPO

Deixar caer o aparello de pesca en area, non pescar nada. *Eladio, non collestes olga ningunha, así logo vades pasar o aparello. Non, olga non collemos ningunha pero peixe tampouco, que largamos en limpo.*

LEARSE O APARELLO

Enredarse a arte de pesca que se estea a utilizar por unha falsa manobra ou polo efecto da resaca. *Alfredo, debe haber resaca no fondo, que se leou o aparello.*

LIBRAR O APARELLO

Preparar calquera tipo de arte que se pretenda tirar ó mar para pescar ou para metelo a bordo. *Veña, bulide ben picariños, vamos librar o aparello pa volver largar.*

PICAR O APARELLO

Cortar as redes ou calquera outra arte cando está no mar, ben porque estorba, ben porque se leou na hélice. *Hoxe ó largar cruceille a arte a Pepe, e el cando foi levantar picoume o aparello e non se molestou en empatalo despois.*

POÑER O APARELLO EN *TABLA

Ter o aparello teso. Acontece isto cando se utiliza igual cantidade de rede que de corda á que vai enganchado, de tal xeito que está teso e non pode pescar. *Puñemos o aparello en tabla, pó salmonete non sirve, tería que folear senón o peixe non marea, porque témolo moi teso.*

Pesca (artes)

ANDAR Á PEDRA E BÓLA

Pescar con esta arte de pesca que leva unha pedra, logo un certo número de anzois, e despois unha bóla para que flote. *Xa non andamos ó palangre, agora andamos á pedra e bóla.*

ARREAR AS ARTES

Botar no mar calquera tipo de aparello de pesca co que se estea a pescar. *Vicente, prepara os anzuelos e a carnada, que vamos arrear as artes.*

BOLEAR O APARELLO

Bambearse o aparello na auga. *Este aparello non pesca nada Demetrio, lévallo ó redeiro e dille que eu quero que me bolee.*

COSER O APARELLO

Reparar aquelas partes das redes rotas con agulla de madeira ou plástico e fío de nailón. *Berto, temos que coser o aparello, que mañá hai que largalo e algús paños están desfeitos.*

COSER O APARELLO CON OLGA

Liar as redes as algas cando están no fondo, polo mal tempo. *Non sei se valerá a pena poñerse a limpar, que vén cosido o aparello con olga, vén todo nunha corda.*

COSER O PAÑO

Poñer un remendo na rede. *Hai que coser o paño dese aparello, vamos ter que levarllo ás redeiras.*

DESLEAR O APARELLO

V. Librar o aparello.

ENCARNAR AS ARTES

Poñer algún tipo de cebo para que pique o peixe. *Temos que encarnar as artes e aínda non chegou Manolo ca carnada, ¡tamos amañados!*

ENTRALLAR O APARELLO

Preparar as artes para pescar. *Hai que darse présa e ter o aparello entrallado pa mañá, que vaise poñer bon o tempo e hai que salir pó mar.*

ESTAR LEVANTANDO E FALTAR

Romper o aparello cando se está sacando da auga. *Estábamos levantando e faltamos, tuvemos que ir á outra punta pa acabar de metelo a bordo.*

GUARNIR AS ARTES

Preparar calquera material de pesca para tiralo ó mar (nasas, trasmallos, miños, palangre). *Eladio, vamos guarnir as artes pa ver se collemos algún congro, que está valendo ben estes días na rula.*

GUARNIR OS APARELLOS

V. Guarnir as artes.

HALAR AS ARTES

Levantar do fondo das augas calquera aparello que se teña no mar, ben coas mans, ben co maquinillo. *Temos que halar rápido estas artes, que se está facendo noite e despois non vamos ver nada.*

IR BALAR

Ir pescar coa arte do balo. Largar os aparellos nun sitio determinado para logo tirar pedras e petar cun coio na lancha, de xeito que o peixe se asusta e vai cara ás redes, onde vai quedar enganchado. *Severo, ta o mar coma un plato ¿que che parece se imos balar? Hoxe algún sargo habemos coller.*

LANCEAR AS ARTES

Largar e levantar varias veces a arte de pesca coa que se está a traballar. *¿Cantos lances lle deches ás nasas, Tito? -Dinlle tres en toda a noite.*

LIMPAR O APARELLO DAS MAOS

Escapar, perder algún tipo de arte porque tira moito un peixe ou a mesma forza das augas. *A Pedro limpoulle a caña das maos un bonito que debía pesar dez quilos.*

VIR O APARELLO CLARO

Levantar as redes do mar sen que este veña leado. *Mete a bordo Ramón, que vén o aparello claro, xa queda listo pa dar outra larga.*

VIR O APARELLO LIBRE

V. Vir o aparello claro.

VIR O APARELLO NUNHA CORDA

Levantar as redes leadas. Situación na que se presentan as redes ó levantalas do mar cando, por efecto da resaca ou do mal tempo vén todo leado e cheo de olga. *Anda, Luis, vamos levantar, que leva dous días a arte no mar e vai vir o aparello nunha corda.*

Pesca (captura)

AFERRAR AS LIÑAS

Quedar enganchados os peixes nos anzois. *Amodera que aferraron as liñas, ¡mira que peixe vén aí!*

AFERRAR O PEIXE

V. Aferrar as liñas.

CUSPIR O *ANZUELO

Escapar o peixe, soltarse do anzol. *Me cago na madre que pareu a este peixe, cuspiu o anzuelo, vén o sedel limpiño.*

Pesca (escasa)

LARGAR EN MAL MAR

1. Pescar pouco. 2. Largar as artes con mal tempo. 1. *¿Pescastes moito nese aparello, Tito? - Non home non, largamos en mal mar e vimos cargados de olga.* 2. *Largamos en mal mar, mira cómo vén todo roto.*

PESCAR PÓ INGLÉS

Non pescar nada ou case nada, nin para cubrir gastos. *Salimos pó mar e non ganamos nada, pescamos pó inglés, ¿non che parece Manuel?*

Pesca (escasa)/ Perigo

SAFAR MAL

1. Pescar pouco. 2. Ter algún contratempo 1. *Hoxe safamos mal, non pescamos nada.* 2. *Deste viaxe safamos mal, aló no 'Orxal' pegounos un golpe de mar, que non sei si non nos rompería algo, deixar a ver.*

Pesca (faenar)

ESTAR FAENANDO

Estar pescando. *Hoxe cando estábamos faenando deunos un golpe de mar, que case nos bota a pique.*

IR FAENAR

Ir pescar. *Veña, vamos faenar, que xa logo é noite e temos as nasas largas.*

IR LARGAR

Facerse ó mar para tirar nel aquelas artes coas que se estea a pescar no momento. *Alfredo, eu hoxe non podo ir ó mar, vai largar o palangre tu no meu canto.*

Pesca (incidencias)

ESCABEZAR O APARELLO

Romper o aparello por unha punta, cerca do comezo ou do final cando se está levantando, índose todo para o fondo. *Fumos coller o aparello pola boia de norte e, namais empezar, escabezamos o aparello. Tuvémolo que deixar no mar.*

Pesca (preparación)

PASAR O APARELLO

Limpar tódalas pezas de aparello para que poidan pescar. *Non te vaias, Inacio, que temos que pasar o aparello, que co nordés que se caeu esta noite cargamos de olga.*

POÑER O FAENERO

Poñer o traxe de augas para traballar no mar. *Pon o faenero Vicente, que te vas mollar todo cando levantemos o aparello.*

POÑER TODO EN CLARO

Preparar as artes para ir pescar. *Pon todo en claro, que temos que ir largar, anda descubre o aparello.*

Pesca (técnicas de)

ANDAR BALANDO

Dedicarse á pesca do balo, consistente en largar unha rede e despois facer ir cara a ela o peixe, tirando pedras ó mar e petando cun coio na lancha. *Estes días andamos balando e teño as maos desfeitas de tanto remo e tanta pedra; menos mal que aínda fumos pescando catro sargos, que están valendo ben na rula.*

ANDAR Á CARNADA

Pescar algún tipo de peixe para utilizalo posteriormente como engado con outra arte.
¿Con que arte andades esta temporada Tito?- Andamos á carnada que hai moita boga e véndese ben pás lanchas que andan á nécora.

ANDAR Á PAREXA

V. Andar á vaca.

ANDAR Á VACA

Pescar cunha parella de barcos tirando por unha rede en arrastre. *Vamos cambiar de oficio, deixamos o bonito e vamos andar á vaca.*

ANDAR Á VOLANTA

Dedicarse á pesca con esta arte, que é unha rede dun só pano de malla grande.
Andamos ás volantas que é unha boa arte nesta época do ano.

ANDAR Á VOLANTILLA

Pescar con esta arte, que é unha rede dun só pano de malla pequena. *Agora andamos á volantilla que se gana máis, pescamos mellor peixes.*

ANDAR ÁS NASAS

Dedicarse á pesca do marisco que se colle con estas artes: nécora, centolo.
Deixamos de pescar cas redes, agora andamos ás nasas.

ANDAR Ó MAR

Traballar con calquera arte de pesca. *O Manuel anda ó mar desde deixou de traballar na alúmina.*

ANDAR Ó PALANGRE

Dedicarse á pesca do congro con esta arte. *Temos que encarnar moitos anzuelos cada día, que andamos ó palangre.*

ANDAR Ó PALANGRILLO

Pescar peixes de fondo cun sedal máis fino có do palangre. *Cambiamos de arte, agora andamos ó palangrillo.*

ξ

ARMAR AS ARTES

Preparar calquera tipo de aparello e telo disposto para pescar. *Agora que chega a temporada da veda da nécora, temos que armar as artes pa ir ó pulpo, senón non sei de que vamos vivir, ¿non che parece, Mouriño?*

DAR CHICOTE

Tirar ó muelle ou a outra embarcación unha corda para atar ou aguantar a lancha.
Fernando, dálle chicote a ese que está no muelle pa amarrar, anda. Dá chicote pa terra si queres que poida atar a lancha.

DAR GANCHO

V. Dar raño.

DAR RAÑO

Botar un gancho (raño) a algo pesado, peixe ou calquera obxecto, para poder sacalo da auga. *¡Vaia peixe vén aí!, dálle raño acó, que é lástima que se vaia un peixe tan bon.*

DAR UN LANCE

Tirar ó mar calquera arte de pesca unha soa vez, recoller e virse para terra. *Papá, ¿ vamos ir hoxe pescar co palangre? - Hoxe vas ir tu solo con teu irmao, dás un lance e veste, que non ten boa cara o tempo.*

DAR UNHA LARGA

V. Dar un lance.

DAR UNHA LARGADA

V. Dar un lance.

ESTAR EMBEBIDO O APARELLO

Encoller a rede na corda á que vai enganchada, (ter máis rede ca corda); cando isto acontece o aparello debe pescar ben. *Non sei como non pescamos, o mar está bon para esta arte e o aparello está embebido, non o entendo.*

FACER UNHA PARADA

Na pesca do bonito, deter o barco para pescar con cebo vivo. *Por hoxe non estivo mal, que fixemos un par de paradas e fixémo-lo día.*

IR Á CARNADA

Ir coller cebo para ir pescar. *Vou á carnada pa ir pescar esta noite ás nécoras.*

IR Ó(S) TOLIÑAR(ES)

Dirixirse ó lugar onde se xuntan as toliñas (peixe moi parecido ó golfiño), porque onde hai un toliñar hai pesca, xa que xuntan o peixe rodeándoo. *Vamos ó toliñar, que se guarneu alí diante, veña, vamos largar alí, que temos peixe seguro.*

LANZAR DE ALBA

V. Largar de alba.

LANZAR DE/Ó AXEXO

V. Largar de axexo.

LARGAR A COREANA

Botar unha luz ó mar para indicar onde está o peixe e iniciar a pesca. *Manolo, larga a coreana aí, que temos o peixe diante de nosoutros e vamos cercalo.*

LARGAR AS ARTES

Botar calquera aparello de pesca no mar (nasas, trasmallos, volantas, nasas) disposto para pescar. *Manolo, ¿ aínda non largaches o palangre? Pois vai tirando os anzuelos no mar, que sin largar as artes nunca escoitei que se pescara nada.*

LARGAR DE ALBA

Tirar as artes no mar antes de que saia o sol. *Se queres pescar salmonetes hai que largar de alba, que despois non pican.*

LARGAR DE AXEXO

Tirar calquera arte ó mar entre a noite e o día, que é o preciso momento para pescar certo tipo de peixe, como a robaliza ou o sargo. *Hoxe temos que pescar bon peixe que está valendo ben, vamos largar de axexo.*

LARGAR POR FÓRA

Tirar os aparellos mar a dentro, afastados da costa. *Inacio, hoxe vamos largar por fóra, que parece que se vai levantar vento e temos máis seguros os aparellos.*

LARGAR POR TERRA

Tirar os aparellos cerca da costa. *Hoxe podemos largar por terra, que non venta nada e non hai duda.*

LARGAR POR TERRIÑA DE TODO

Tirar os aparellos ó mar o máis pegados que se poida á costa, encima dos coios. *Taba o mar mansiño, que largamos por terriña de todo e non nos fixo nada.*

PALMEAR AS ARTES

Sacar o peixe de calquera tipo de aparello sen metelo a bordo, volvéndoo deixar no mar. *Mañá é domingo e non vamos ir ó mar vamos palmeaar as artes e acabamos antes.*

PENDURAR AS *CAÑAS

Colgar as canas para pescar na embarcación. *Cando chegamos á posta xa levábamos as cañas penduradas do gardacalores.*

PESCA DE ALTURA

Pesca realizada con barcos grandes, en bastante altura de auga e distante da costa, para pescar certo tipo de peixe. *¿Andas á nécora esta temporada, Tito? - Non, desembarqueime da lancha na que andaba e agora ando á pesca de altura, ando ó espada.*

PESCA DE BAIXURA

Todo tipo de pesca artesanal que se realiza por cerca da costa. *Burela debe ser o porto pesqueiro da costa de Lugo que ten máis lanchas dedicadas á pesca de baixura.*

PESCAR CON BOU

Pescar cunha arte de pesca consistente nun aro de arame coa boca pequena e unha rede cunha malla tamén pequena, para pescar camarón esencialmente. *Vamos pescar con bou no canal da Borneira, que alí é bon sitio.*

PESCAR CON *CAÑA

Coller o peixe cunha vara que leva unha liña e na punta un ou varios anzois. *A robaliza pódese pescar con caña desde terra, eso si, hai que ter moita paciencia.*

PESCAR DE ALBA

Realizar a pesca dende que acaba a noite ata que sae o sol. *Inacio, apura cos tramallos, que se queremos ir pescar de alba fainos falta o tempo.*

PESCAR DE/Ó AXEXO

Realizar a pesca dende que se mete o sol ata que anoitece de todo. *Podemos ir pescar de axexo, Merexo, que o mar está moi bon.*

PESCAR NAS POZAS

Pescar, de marea baixa, na auga que queda estancada na ribeira. *Pesquei nunha poza estes catro pulpos e eso que non baixaba casi nada o mar.*

PESCAR NOS COIOS

Pescar moi achegados a terra. *Tuvemos que pescar nos coios, que máis por fóra non se pescaba nada.*

PESCAR POR FÓRA

Pescar coa embarcación afastada da costa. *Andamos pescando por fóra, que está o mar malo pa poder achegarse á costa.*

PESCAR POR TERRA

Pescar por cerca da costa. *Andamos pescando por terra, que o mar é manso de todo.*

PESCAR POR TERRIÑA DE TODO

Pescar o máis próximo á costa que se poida. *Hoxe pescamos por terriña de todo, que o mar é manso.*

PESCAR Á CACEA

Pescar con cebo artificial e con cebo vivo ó bonito. *Nosoutros pescamos ó bonito sempre en marcha. Pescamos á cacea.*

PESCAR Á MAO

Pescar sen axuda de ningún tipo de aparello. *As nécoras tamén as podes pescar por terra cando haxa mareas grandes, pódelas pescar á mao, sólo tes que levantar as pedras.*

PESCAR Á QUEDADA

Poñerse a pescar cando calma o vento. (Adoita ser un bo momento para pescar.) *Hai que tar atentos pa ir pescar á quedada, hase dar ben o peixe.*

PESCAR Ó CAÑIVORO

Pescar ó bonito sen cebo vivo. *Os viveiros estaban achicados de parrocha e algunhos tuvemos que pescar ó cañivoro.*

PESCAR Ó GARETE

Pescar coa embarcación parada pero sen ningún tipo de áncora, deixándoa levar pola corrente. *Estuven toda a tarde pescando ó garete, sen fondear.*

PESCAR Ó TENQUEDO

Pescar con cebo vivo e coa embarcación parada ó bonito. *Hoxe podemos pescar ó tenquedo, vamos tentar a ver si hai suerte.*

PESCAR Ó XEITO

Pescar cunha volantilla que se larga a flote. É unha arte de pesca que se utiliza para pescar sardiña. *Andamos pescando ó xeito, que non temos outra arte armada.*

RAPETAR NA PRAIA

Largar un aparello, unha rede preparada para este tipo de traballo, e levalo cara á praia para arrastrar o peixe ata o seco. *Secundino, o mar é manso e a noite ta boa, vamos rapetar na praia, que hoxe seguro que pescamos algo.*

TER AS ARTES LARGAS

Estar calquera aparello no mar preparado para pescar. *Eu voucheme prá casa, que teño as artes largas e teño que madrugar pa ir levantalas.*

Pesca (temporada)

ACABAR A CAMPAÑA

V. Acabar a costeira.

ACABAR A COSTEIRA

Finalizar unha temporada de pesca cunha arte concreta. *Xa estamos en terra. ¡Por fin! Acabouse a costeira do bonito, agora, que nos dean os cartos e vamos descansar unha temporada mentres o barco vai pó carro.*

ACABAR A MAREA

Deixar de traballar nunha actividade concreta e, polo tanto, dirixirse a porto para vender a pesca desa etapa na que se utilizou a mesma arte. *Acabamos a marea e viñémonos porque ademais tamén tiñamos que facer víveres. Pescamos bon peixe, tres ou catro monos e o demais todo era peixe grande; ou zurdos ou recortados.*

DESGUARNIR AS ARTES

Rematar a campaña de pesca e recoller tódolos aparellos que se utilizaron na mesma. *Pícaros, vamos desguarnir a arte e levala pá chabola, que por este ano a campaña vai aló.*

FACER A COSTEIRA

Rematar o tempo dedicado a unha arte de pesca. *Por este ano xa fixemos a costeira da nécora, agora hai que cambiar de arte.*

FACER CAMPAÑA

V. Facer a costeira.

FACER COSTEIRA

Rematar o tempo destinado a unha pesca concreta con resultados positivos. *¿Qué tal pescastes este ano Vicente? Non podemos queixarnos, fixemos costeira, safamos ben.*

VIR DE MAREA

Rematar unha singradura ou período de tempo que se pasa no mar pescando ata regresar para terra. 1. *E logo, Manuel, ¿xa chegaches do mar? - Si, vimos de marea.* 2. *E logo, Luis, ¿rematou a costeira? - ¡Que máis quixera eu!, vimos de marea.*

VIR DE VENTA

V. Acabar a marea.

Picardía

SER BON PEIXE

Ser persoa que non se pode confiar moito nela, ser persoa pilla. *Vicente é bon peixe, non creo que seña certo todo o que nos dixo.*

SER COMA OS PEIXES DE COLORES

V. Ser bon peixe.

SER UN PILLABÁN, -ANA

Ser unha persoa astuta. *É moi pillabán este Merexo, non te podes fíar un pelo del.*

Poder

O PEIXE GRANDE SEMPRE COME O PEQUENO

Todo neste mundo está preparado para que o máis forte, o máis poderoso, leve sempre as de gañar. *Non te enfrentes ós da Xunta, Manolo, déixaos, que o peixe grande sempre come ó pequeno.*

ONDE HAI PATRÓN, NON MANDA MARIÑEIRO

Nun traballo sempre hai que obedecer á persoa que ten maior rango. *Pícaro, ¿non sabes que hai que agardar antes de facer algo a que cho manden? Non te afaigas mal, que onde hai patrón non manda mariñeiro.*

Porto

BOCA DO PORTO

Entrada do porto. *-Xa estamos na boca do porto, agora xa pouco nos queda por remar, ¿non che parece, Vicente?*

Praia

PRAIA DE RAPETA

Areal moi chan que se presta para un tipo de pesca en que, mediante unha rede que se larga preto da praia, vaise levando cara a ela ata deixar o peixe en seco.
¡Vaia praia de rapeta!, é moi cha e está cerca do río, aquí vamos pescar ben.

Présa

PARECER UNHA VAGA DE MAR

Andar ás présas. (Úsase esta expresión cando unha persoa se apura moito, vai moi lanzada, tropezando con todo). *Velo aí vai o Merexo lanzado, parece unha vaga de mar.*

Presunción

¡PARA MARIÑEIRO EU!

Indica presunción. *Tu non sabes o que dices, ¡para mariñeiro eu!*

Rapidez

Á MINUTA-Á MINUTIÑA

Rápido, moi rápido. 1 *¡Tardaches moito en coser os aparellos o outro día, Eladio? -Non. non tardei nada, acabei á minuta.* 2. *Ramón, vinte axiña que temos que ir largar os tramallos -Non tardo nada, veño á minutiña.*

PESCAR Á MINUTA

Coller peixe nada máis chegar ó lugar onde se puxo un a pescar. *Hoxe acabei rápido de faenar, pesquei á minuta, non fixen máis que tirar as redes ó mar e xa carguei de peixe.*

Reafirmación

¡MADIA LEVA!

¡Así calquera! ¡Home claro! *¡Madia leva! Queres ir cos Chaveas porque son os que máis pescan de toda a Mariña.*

¡QUE LA MAR ME COMA!

V. ¡Que me coma o mar!

¡QUE ME COMA O MAR!

Utilízase esta expresión para certificar algo que se está a dicir, como sinónimo de ¡Seguro!, ¡seguro que si!. *Hoxe vin ó Merexo na taberna bebendo unha auga mineral, ¡que me coma o mar se non é certo!*

¡QUEN CANTA É A RULA!

Expresión que se utiliza para reafirmar ou para demostrar que o que conta é sempre o que xa está feito e que todo o demais son cábalas. *Non sei se será certo que Manolo fixera tantos cartos navegando como estades a dicir -Tu non o crerás pero vai mirar que coche comprou ¡quen canta é a rula, meu amigo!* (Hai que ter en conta que a palabra rula aquí está utilizada co significado de 'lonxa', que así se lle chama na Mariña luguesa).

Recuar

ANDAR Ó REVÉS, COMA O CANGREXO

Facer as cousas sen xeito. *Moi mal fas as cousas, parece que andas ó revés coma o cangrexo, non avanzas nada. Engancha o remo no tolete e tira con forza, que es un rapaz novo, e non o parece.*

Remuneración

FACER UN QUIÑÓN

Cobrar os cartos que lle corresponden a un mariñeiro. Cantidadade de cartos que consegue un mariñeiro cando non vai a soldo. Divídense os cartos conseguidos na costeira ou na marea, tendo en conta que desa cantidade o barco ten unha parte fixa. *¿Qué tal tes partistes Eladio?- Cubreunos ben, fíxemos un bon quiñón.*

IR Á PARTE

V. Ir ó quiñón.

IR Ó POR CEN

Embarcar cobrando un tanto por cento do que se pesca, ás veces, combínase cun soldo sabido ou soldo fixo. *¿Como te embarcaron desta volta os armadores, Pepe? -Vou a sueldo máis ó por cen da pesca.*

IR Ó QUIÑÓN

Embarcar cobrando en partes proporcionais ó que se pesque. *Gústame a pesca do bonito porque vou ó quiñón.*

Repartimento

PARTIR A COSTEIRA

Repartir todo o que se fixo nunha campaña. *Rapaces, dixo o Vicente que vamos partir a costeira, que pa este ano acabouse.*

PARTIR A CHONA

Repartir os beneficios que dá o peixe que se cobra en man sen pasar pola rula ou lonxa despois dunha xornada de pesca ou unha marea. *¿Vendistes ben hoxe na rula, Toño? Vendimos bastante ben e ademais do peixe que vendimos, por fóra da rula, partimos a chona a mil pesos por cabeza.*

Riqueza

COMER O MAR

V. Papar o mar. *-¿Viches o Enrique como traballa? Ese que pensa, ¿que vai papar o mar en dous días?*

PAPAR O MAR

Facerse rico. Utilízase esta expresión en sentido figurado e fai referencia case sempre a unha persoa moi traballadora aínda que, normalmente, un pouco aloucada. *-¿Viches o Enrique como traballa? Ese que pensa, ¿que vai papar o mar en dous días?*

TRAGAR O MAR

V. Papar o mar.

Roncar

RONCAR COMA UN SANMARTIÑO

Facer ruído áspero ou rouco. 1. *Non esbardalles máis, Vicente, que roncas coma un sanmartiño e non hai dios que che entenda nada do que dices.* 2. *Miguel moito sofre da gorxa, meu probe, ronca coma un sanmartiño cando fala.*

Paco Rivas

Satisfacción

CHINCHAR NA CHEDA

1. Producir algo unha gran satisfacción. 2. Ser algo moi bo 1. *Felipe tolo non é, que sacou o título de patrón sen deixar de andar ó mar de mariñeiro, e eso, chincha na cheda.* 2. *Moi ben pesca Vicente, chincha na cheda.*

Saúde

ACABARSE O MAR

Perder a saúde. *Estache moi acabadiño, pa el o mar acabouse.*

Seguranza

POLAS MARCAS VAISE ÁS BOIAS

Andar sobre seguro. *Mira ben o que fas, Alfredo, asegúrate ben antes de facer nada, que polas marcas vaise ás boias.*

Sorte

SI QUERES IR Ó MAR, POR *SUERTE NON DEIXES, NON É SEMPRE, PERO CANTO MÁIS BURRO, MÁIS PEIXE

As persoas que menos saben, ás veces son as que máis sorte teñen.

Superstición

EN MARTES NUNCA CAMBIAS DE ARTES

V. En martes non te cases nin te embarques.

EN MARTES, NON TE CASES NIN TE EMBARQUES

Día da semana que trae mala sorte para empezar calquera cousa. *Non saíades hoxe pó mar, que xa sabedes, en martes, non te cases nin te embarques.*

Tamaño

BARCO GRANDE, ANDE OU NON ANDE

Mellor que todo sexa grande que pequeno. 1. *Non sei se a lancha de Vicente será algo grande pa andar aquí por terra, non me parece moi xeitosa.* -*Mira, halle valer pa andar por terra, e ademais de traballar máis cómodo, cando remate a costeira por acó, aínda pode ir ó bonito canda ós outros bar*

Tamaño

SER COMA UNHA MINCHA

Ter un tamaño moi pequeno. *O fillo de Francisco moi cedo empeza a andar ó mar, é coma unha mincha e, aí o tes, xa sale pó bonito esta marea.*

Temperatura

TARAS AUGAS COMA O CALDO

Estar as augas do mar moi quentes. - *Veña vamos pescar, non señas lacaceiro Tomás, que tan as augas coma o caldo.*

TARAS AUGAS COMA O *HIELO

Estar as augas do mar moi frías. *Non vaias a ribeira hoxe Severo, que veño eu de coller unhos urizos e tan as augas coma o hielo.*

Tempo (meteorolóxico)

AIRE ROXO

Vento moi quente. *¡Que aire máis roxo! Debe vir aí un turbón, vámonos pa terra.*

BAFO DE VENTO

Vento moi suave. *Manolo, hoxe hai un bafó de vento, podemos ir largar as nasa, que non hai problema ningún, a ver si collemos algún centolo.*

BRISA QUENTE

V. Brisa zorra.

BRISA ZORRA

Vento morno que anuncia tronada ou un turbón no tempo. *¡Que brisa zorra! Qué pouco me gusta esto, e menos cando pega no inverno, pode vir calquera cousa é mellor marchar e meterse drento da casa ó quente.*

NORTE DURO

Vento moi forte que sopra desta dirección. *Hai norte duro pa unhos días, temos que amarrar as lanchas e agardar.*

REFACHO DE VENTO

Golpe forte de vento que se chega dun xeito inesperado. *Vaia refacho de vento tan forte vai aí, mira que forza fixo, pensei que nos levaba as artes de a bordo.*

TEMPO DECLARADO

Vento do NW. Bo tempo. (Á quedada dese vento adoita marear ben o peixe.) *Ta tempo declarado, non ten duda, podemos seguir faenando.*

VENTO ESCAMÓN

Vento do nordés. (Con ese vento péscase pouco e mal.) *Dios, ¡o que vén aí!, vén un vento escamón, que mete medo, veña, vámonos pá casa.*

VENTOS MAREIROS

Ventos que veñen do mar. *Estase poñendo moi mouro polo leste, non sei se non teremos ventos mareiros, e mentras non seña nordés, todo vai ben. Hai ventos mareiros, non sei si nos deixará traballar estes días.*

VENTOS TERRALES

Ventos que veñen de terra. *Hoxe teremos ventos terrales, que está o tempo de turbón, ¿non che parece Cachán? Podemos navegar tranquilos, que temos ventos terrales e non teñen duda.*

ABRIGARSE DO TEMPO

Protexerse do mal tempo, ben nun lugar axeitado, se non dá tempo a chegar a terra, ou no porto. *Vámonos chegar máis a terra para abrigarnos do tempo.*

ABRIR UN RAIOLO

Saír o sol un tempo moi breve, máis breve que o da raiola, entre chuvasco e chuvasco. *Parece que abreu un raiolo, pero non nos vai dar tempo a ir largar as nasas.*

ABRIR UNHA RAIOLA

Saír o sol entre chuvasco e chuvasco. *Vamos aproveitar que abreu unha raiola pa ir largar os miños, a ver se pescamos unha langosta.*

AMAINAR O VENTO

Ir a menos a forza do vento ata pórse calmo. *Moito amainou o vento, podemos seguir traballando tranquilos. Vamos largar a ver se collemos unhas bogas e unhas sarguetas pá carnada.*

ANDAR O VENTO

Ventar. *Anda o vento cerca, mira aló en diante que olas fai.*

CERRARSE EN AUGA

V. Pecharse en auga.

DEIXAR DE ANDAR O VENTO

Parar de ventar. *Deixou de andar o vento, podemos ir dar unha larga.*

ENTRAR AS *MAREJADAS A BORDO

Facer mal tempo. *Mira que está malo o tempo, hoxe cando viñamos pa terra entraban as marejadas a bordo.*

ENTRAR O MAR

Facer olas grandes o mar polo efecto de ventos fortes. *Se vades ir pó mar, tede coidado, que na Estaca xa entrou o mar aínda que non o pareza.*

ENTRAR O MAR POLA BORDA

Haber mal tempo. *Non se podía pescar, entraba o mar pola borda.*

ENTRAR O VENTO

Empezar a ventar. *Entrou o vento de repente, temos que buscar máis abrigo, se non queremos ter problemas.*

ERGUERSE UNHA BRISA

V. Levantarse unha brisa.

ESTAR DE MAREXADA

Cambiar bruscamente o tempo. Dise cando agora vén un chubasco, despois sol, logo vento, pero dura pouco tempo. *Vámonos ter que ir pá casa, Inacio, que non hai quen se aguante na lancha, non para quieto o mar. - Mira, sigue ó que estás, que este chubasco logo pasa, que está de marexada.*

ESTAR DE TERRAL

Ventar de terra, (normalmente son ventos frouxos). *Hoxe, se non empeora podemos ir pescar, que está de terral.*

ESTAR SOÉDREGO (O TEMPO)

Haber exceso de humidade no ambiente, normalmente anuncia nordés. *-¡Está soédrego de máis! Mañá ou pasado vai haber nordés.*

ESTAR (O TEMPO) DE TRONADA

Anunciar unha tormenta a cor do ceo, os ventos. *Está de tronada, vamos ter que largar os aparellos en calquera sitio e marchar pá casa.*

ESTAR (O TEMPO) DE TURBÓN

Estar inestable o tempo. Anunciar un empeoramento no tempo. Estar de tronada. *Leopoldo, está de turbón, non se sabe por donde vai rebentar, é millor que marchemos, que eu aínda teño que ir cas de meu tío Milio, antes que se faiga noite.*

ESTAR Ó ABRIGO DO TEMPO

Estar protexidos do mal tempo. *Aquí estamos ó abrigo do tempo, non temos duda.*

FACER BORRAXEIRO

Instalarse sobor do mar unha néboa miúda que dificulta a visión, pero que, sobre todo, molla moito. *Eladio, vámonos de aquí, que fai un borraxeiro cocho de todo e poñémonos coma a lama.*

FACER FRESCACHÓN

Ventar forte, sen chegar a ser un vento coma o do temporal. *Vamos pescar, que fai frescachón, pero navégase.*

FACER RELENTO DO TERRAL

Haber unha brisa suave de terra. *Hoxe pódese traballar en calquera lado, que fai relento do terral, e esto non é máis ca unha brisa.*

HABER MARAXES

Vir un vento suave do mar. *Hoxe non vai a peor, hai maraxes, non ten duda.*

HABER NEBOEIROS

Haber néboa espesa. *Hoxe non salimos pescar, que hai moitos neboeiros e é peligroso.*

HABER UN VENTO TOLO

Ventar moito. *Non poidemos pescar nada, que había un vento tolo e tuvemos que parar.*

HABER UNHA BRISIÑA

Vir vento frouxo do mar. *Podemos navegar por donde queiramos que hoxe hai unha brisiña de nada.*

IR A MELLOR

Mellorar o tempo. *Podemos ir pó mar tranquilos, que vai a mellor.*

IR A PEOR

Empeorar o tempo. *Vámonos pa terra, que vai a peor, e por riba estáse facendo noite; dentro de pouco nin se ve nada e, vainos coller o mar.*

LEVANTARSE O VENTO

V. Entrar o vento.

LEVANTARSE UNHA BRISA

Empezar a soprar un vento que, aínda que ó principio é suave, normalmente vai a máis. *¿Pescastes ben hoxe co palangre, Merexo? -Estábamos pescando ben pero levantouse unha brisa e tuvemos que vir pa terra.*

NON VENTAR UN BAFO

Facer bo tempo. *Dios, que bon está pa navegar, non venta un bafó.*

PECHARSE EN AUGA

Chover seguido, de forma continua, sen parar. *Pechouse en auga, xa o sabía eu, que hai un pouco tñamos o vento moi fresco.*

PEGAR CO *TIEMPO

Atopar o mal tempo. *Vamos andar con coidado, que pegamos co tiempo e pode aumentar.*

ROLAR O VENTO

Ir cambiando o tempo progresivamente. *Vai rolando o vento algo pa nordés. Non sei senón teremos mal tempo.*

TER REVOLTINA O TEMPO

Estar o tempo inseguro, estar o tempo pouco claro. Estar o tempo dubidoso sen saber por onde vai romper. *Ten revoltina o tempo, non sei que vai vir aí.*

TER VENTOLINA O TEMPO

Haber un vento fresco que molesta para traballar nas tarefas do mar. *Hoxe non traballei nada a gusto, que tiña ventolina o tempo.*

VIR O *TIEMPO DURO

Chegar un tempo moi malo. *Moi mala cara ten hoxe o mar, vén o tiempo duro.*

VIR UN MARAXO

Achegarse un vento frouxo do oeste. *Podemos pescar ben, que venta un maraxo de nada.*

VIR UN MARAXOTE

Achegarse un vento do SW. *Venta algo de terra, ten toda a pinta de ser un maraxote.*

VIR UN TURBÓN

Ter mala cara o tempo. Estar en bo tempo e empezar a cambiar para malo. Pode vir vento ou unha tronera. *Ven aí un turbón, vámonos pa terra, que pode ser que se esteña achegando unha tronera.*

VIR UNHA MARETA

Achegarse un vento suave do norte, que produce olas pequenas. *¿Teremos duda Berto? Vén aí unha mareta pequena.*

VIR UNHA NORTADA

Achegarse vento do norte. *Estábamos pescando ben, pero veu unha nortada e tuvemos que deixar de faenar.*

VIR UNHA TRONERA

Achegarse mal tempo, acompañado de lóstregos e tronos. *Moi mouro está, debe vir unha tronera de moito carallo, será mellor tirar pa terra.*

VIRAR O TEMPO

Cambiar de dirección o vento, ou mudar o tempo de bo a malo. 1 *Esto pode empeorar moito, que virou o tempo pó oeste.* 2. *Virou o tempo, vai pa mellor, mañá xa podemos salir pescar.*

ALBA ALTA, VELA BAIXA

Agárdanse ventos. *Mira pá alba que alta a temos, arrea aí mesmo as nasas, e vámonos pa terra, que alba alta, vela baixa.*

ALBA BAIXA, VELA ALTA

Agárdanse ventos frouxos ou brisas. *Vamos largar estes riceiros de nasas, que hoxe non hai duda, alba baixa, vela alta, veña dálle avante sen medo.*

ALBA RUBIA (RUBA), OU VENTO OU CHUVIA

V. Rubián de alba, mal tempo agarda.

CANDO CON NORDESTE CHOVE, HASTA AS PEDRAS MOVE

Se hai nordés e se ademais chove, o mar vai estar moi bravo. *Chove, temos aí o nordés, ¡pá casa! Que cando con nordeste chove, hasta as pedras move.*

DELFIN QUE MOITO SALTA, VENTO ESPERA, QUE NON ESPANTA

Vai vir vento. *Mira como saltan os peixes Ricardo, vámonos pa terra, que delfín que moito salta, vento espera, que non espanta.*

DESPOIS DA TORMENTA VÉN A CALMA

Todo o malo termina máis tarde ou máis cedo. *-Non te desesperes, Ramón, que se che levou o mar as nasas non se acabou o mundo, xa sabes que despois da tormenta vén a calma.*

***GAVIOTAS EN TERRA, MARIÑEIROS Á MERDA**

Mal tempo. *Debe vir mal tempo, mira cantas gaviotas, non me gusta nada, que xa meu abuelo decía: gaviotas en terra, mariñeiros á merda.*

***GAVIOTAS NO MAR, MARIÑEIROS A PESCAR**

Bo tempo. *Vamos largar as nasas, picariños, non se ve unha gaviota por terra e, gaviotas no mar, mariñeiros a pescar.*

***LESTE DURO**

Vento moi forte que vén do este. *Moi mouro está por contra Ribadeo, debe vir leste duro, non vamos poder ir ó mar.*

***LUNA NOVA CON TRONADA, TRINTA DÍAS DE INVERNADA**

Se hai tronada durante a lúa nova, empeora o tempo. *Aínda nos queda moito mal tempo por pasar, que naceu a luna ontes cunha tronada de moito carallo e, luna nova contronada, trinta días de invernada.*

NORTE CLARO, LESTES Ó RABO

Vén mal tempo. *Tira pa terra que moi claro o vexo polo norte, ¿non sabes aquilo de norte claro, lestes ó rabo?*

NORTE ESCURO, VENDAVAL EN DURO

Achéganse ventos moi fortes. *Moi mouro está hoxe polo norte Berto, vai vir vendaval, xa sabes que norte escuro, vendaval en duro.*

RUBIÉN DE ALBA, MAL TEMPO AGARDA

Ó abrir o día, se polo leste está encarnado, vén mal tempo. *Mira pa aí qué rubién de alba hai hoxe, non me ule nada ben, vamos ter mal tempo, rubién de alba, mal tempo agarda.*

RUBIÉN DE *CENA, BON TEMPO ESPERA

Pola tardiña, se polo occidente está encarnado, vén bo tempo. *Mañá vamos ter bon día que, rubién de cena, bon tempo espera.*

SI VÉN AUGA E ATRAIS VENTO, RECOLLE E MÉTETE DENTRO; SI VÉN VENTO E ATRAIS AUGA, SIGUE A TRABALLAR, NON PASA NADA

Primeiro auga e despois vento, mal tempo; primeiro vento e despois auga, bo tempo.

Tempo (meteorolóxico)/Pesca (artes)

METER O APARELLO NA CHABOLA

1. Gardarse do mal tempo. 2. Cambiar de oficio e retirar unha arte. 1. *É millor meter o aparello na chabola, que se acerca un temporal moi forte.* 2. *Vamos meter o aparello na chabola e sacar as nasas, hai que cambiar de oficio.*

Torpeza

MARIÑEIRO MATALOTE

Persoa torpe nas laborías propias do mar. *Non me poñas a ese home nese traballo Berto, xa che teño dito que é un mariñeiro matalote.*

Totalidade

PEDRA E PEIXE

Todo, a totalidade. 1. *Hoxe saleume mal o día, non pesquei nada e molleime todo, perdín pedra e peixe.* 2. *¿Podo coller un pedazo de aparello do que tes aquí?- Arrea con todo, leva pedra e peixe.* 3. *Caeu o árbitro e máis o xogador, jaló vai pedra e peixe!*

Traballar

POÑERSE Ó CHOIO

Empezar a traballar. *Vamos poñernos ó choio, que xa logo é noite e aínda temos este riceiro de nasas sin encarnar.*

Traballo (fin do)

¡HAI QUE AMARRAR!

Paco Rivas

Indica que hai que parar, que hai que ter as embarcacións no porto por causa do mal tempo. *Menudo nordés vén por aí abaixo, hai que amarrar.*

Valentía

¡O MAR FALOU: DÁME ASTREVIDOS!

Equivale a dicir que non vale ser valente no mar. Dito que nos mostra, unha vez máis, o valor preponderante que ten o mar na vida destes homes, ás veces, coma neste caso, o mar ten o valor dun deus con capacidade para dictar sentenza: ós atrevidos, máis tarde ou máis cedo, o mar remata dominándoos, amansándoos. *Moi valente es, Felipe, pois non vaias pó mar facéndote o valente: ¡o mar falou, dáme astrevidos!*

Valor (pouco)

SER PEIXE DE POUCA SONADA

Ser de pouco valor. 1. *A Guillermo non lle faigas moito caso, que che é peixe de pouca sonada.* 2. *Todo o que che dea a Xunta, éche peixe de pouca sonada.*

Xaneiro

O *PULPO, EN XANEIRO, SABE COMA CARNEIRO

No inverno é cando mellor sabe o pulpo. Esta crenza, en realidade, débese a que neste tempo non se pode pescar polo mal tempo e, como todo, canto máis escasea, máis presta. *Vou a ver si collo dous pulpos, que hai mareas grandes en xaneiro e, o pulpo en xaneiro, sabe coma carneiro.*

Xeo

FACER *HIELO

Meter xeo na neveira do barco para saír facer unha marea ou unha singradura. *Pepe, vamos arranchar o barco, que temos que saír antes da noite, e non te esquezas de facer hielo.*

Xornada (fin da)

TER A MAREA A BORDO

Rematar a pesca. Nunha xornada de pesca ter todo o peixe dentro da embarcación. *Berto, temos a marea a bordo, ¿que che parece se nos vamos?*

VIR DO MAR

Regresar de pescar. *¿De onde vés, meu irmao? -Veño do mar e non pesquei nada.*

Xubilación

ACABAR DE ANDAR Ó MAR

1. Xubilarse pola idade. Cambiar de oficio. 2. Nun sentido figurado, significa fracasar, ser tarde para facer algo. 1 *a) Pedro cumpriu 65 anos, agora acabou de andar ó mar. b) Ó acabar de andar ó mar poñerei un taller en terra.* 2. *Non xogaches o as de ouros cando entraches en baza e agora acabaches de andar ó mar.*

PESCAR DE VEZ

1. Retirarse dos labores de mariñeiro. 2. Non repetir algunha cousa. 1 *Vicente pescou de vez, non volve pescar máis, que agora está moi enfermo.* 2. *Non me pidas nunca máis o pulpeiro, que tu comigo pescaches de vez.*

REMAR DE VEZ

1. Non volver remar. Remar seguido, dunha forma continuada, sen parar, ata chegar ó lugar a onde se pretende ir.
 2. Retirarse do mar
 3. Non poder volver facer algo.
1. *Federico remou de vez, agora xubilouse e xa non volve a remar máis.*
2. *Rema de vez, Tito, que temos que chegar rápido á posta, que está baixando o mar e despois non vamos ter calado.*
3. *Remaches de vez, comigo non volves vir a ningún lado porque o teu comportamento deixa moito que desear.*

Xuño

POR S. XOÁN, A SARDIÑA XA UNTA O PAN

No mes de Xuño é cando a sardiña está mellor para comer. Solta a graxa que lle dá un bo sabor, o saín. *Vamos comer unhas sardiñas, que por S. Xoán a sardiña xa unta o pan.*

Xuramento

BOTAR UN MAR DE XURAMENTOS

Proferir toda clase de blasfemias e en gran cantidade. *A Vicente debeulle pasar algo hoxe no mar, que estaba atracando no muelle e non sei que lle dixeron que botou un mar de xuramentos, e eso non é normal nel.*

3. Léxico desta fraseoloxía

ABICAR.- Enfilar dúas ou máis puntas para orientarse dende o mar. *Abicar o cabo de Burela.*

ABOIAR.- Flotar na auga. *Abicar o aparello.*

ACALUMAR.- Afondar, ir para o fondo. *Acalumar unha boia.*

AFERRAR.- Enganchar, espetarse o peixe no anzol. *Aferrar o peixe.*

AGÁS.- **1.** Excepto, a excepción de, fóra de. **2.** A non ser que, senón.

ALETA.- Mirando cara á popa calquera dos costados da embarcación. *Navegar de aleta.*

AMURA.- Costado do barco onde empeza a proa. *Navegar de amura.*

AMURGULLAR.- Esconder, afondar. *Amurgullar a áncora.*

AMURGULLARSE.- Escondese o peixe debaixo da auga. *Amurgullarse o peixe.*

ANDANA.- **1.** Serie de olas que chegan xuntas. *Andana de mar.* **2.** Conxunto de barcos. *Andana de barcos.*

APARELLO.- Calquera arte de pesca. *Largar o aparello no mar.*

ARDOR.- "Brasa" que fan as augas en noites escuras ó moverse o peixe. *Marear o peixe en ardor.*

ARRANCHAR.- Preparar a embarcación e os aparellos para ir pescar. *Arranchar as nasas.*

ARREAR.- Tirar, soltar. Afrouxar unha rede ou unha corda. *Arrear as redes no mar.*

ARRIBADA.- Fondeadoiro dunha embarcación nun lugar distinto do habitual por mor dun perigo ou necesidade. *Ir de arribada.*

ARRIBAR.- **1.** Chegar a embarcación ó porto en que remata a súa viaxe. **2.** Fondear a embarcación nalgún lugar para evitar un perigo ou por outras necesidades.

ARTES.- Diferentes utensilios que se utilizan para pescar. *Artes de pesca.*

ARUXO.- Calquera cousa pequena, moi molesta, que se mete nos ollos. En termos mariñeiros, utilízase para indicar que o mar comeza a poñerse malo. *O mar ten un aruxo.*

ATRUELAR.- Acción de meter a bordo peixe co truel. *Atruelar o bonito.*

AXEXO.- Na pesca, tempo que vai entre a posta do sol e a noite, o escuro total. *Pescar de axexo.*

- BABOR.**- Lado esquerdo dunha embarcación, mirando cara á proa. *Todo a babor.*
- BAFO.**- Sopros de vento. *Ventar un bafo.*
- BAIXO.**- Rochedo no mar, perigoso para as embarcacións. Banco de area no mar ou na ría. *Escapar dos baixos.*
- BALAR.**- Cercar o peixe cunha rede e despois tirarlle pedras e facer ruído dende a embarcación para que vaia cara a ela. *Ir balar.*
- BALAXE.**- Pequeno movemento que produce nas augas unha brisa suave. *Navegar con balaxe.*
- BALIZA.**- Sinal, fixo ou non, que indica un punto na auga.
- BALIZAR.**- Sinalar un punto determinado no mar cunha baliza ou cunha boia. *Balizar un aparello.*
- BANDAZO.**- **1.** Inclinación violenta e lateral dunha embarcación. *Navegar a bandazos.* **2.** Calquera golpe semellante a este que pon en perigo o equilibrio dun corpo en movemento. *Camiñar a bandazos.*
- BARBADA.**- Etim. lat. *barbum*, “especie de peixe (posiblemente da familia dos múlidos)”. Peixe pertencente ós malacopterixios. Tamén chamada barbada da pedra polo habitat da especie, en fondos rochosos e de algas, preto da costa. É lisa, de cor escura, de tamaño pequeno, e con cinco barbiñas que lle adornan o morro.
- BARLOVENTO.**- Parte da embarcación por onde pega o vento.
- BARRUZO.**- Chuvia miúda. *Caer un barruzo.*
- BATIFONDO.**- Ruído que fai o mar. *Facer batifondo.*
- BAZAR.**- Baixar, descubrir. *Bazar a marea.*
- BÍCIGA.**- Etim. descoñecida. Posiblemente emparentado co galego *visgo* ou *visco*, aludindo ó líquido viscoso que recibe a pel dos blénidos. Peixe pequeno, que se atopa nas pozas de marea baixa, non ten escamas e ten o corpo cuberto por un mucus, que recorda a humidade dun réptil.
- BISPO.**- Etim.or. incerta. Posiblemente recibe este nome, igual có resto dos individuos do xénero SCORPAENA, debido á súa cor escarlata e ó feito de posuir na cabeza uns apéndices cutáneos que recordan a tiara dun bispo. É peixe moi valorado para guisos e caldeiradas.
- BLANCOIRO.**- Cor branca que deixan as olas despois de se desfacer ou os peixes nunha noite escura ó moverse na flor da auga.
- BOGA.**- Etim. lat. *bōca* “o peixe boga”> gr. *bōx*, *bokos*. Peixe teleósteo con corpo fusiforme, lanzal e pouco comprimido. A cor é verdosa sobre o lombo e prateada nos costados. Chega ós 35 cm. de lonxitude. É peixe de escaso mérito.
- BOIA.**- **1.** Corpo fluctuante suxeito ó fondo a auga que serve de sinal. **2.** Corcho que se pon na rede para que esta non afunda. *Marcar cunha boia.*
- BOIAR.**- Marcar un punto no mar cunha boia. *Boiar o aparello.*
- BOLAR.**- (de *bóla*.)Lugar onde o mar xunta pedras pulidas e erosionadas. *Xogaral.*
- BOLEAR.**- Flotar un aparello porque está frouxo nas cordas. *Bolear os trasmallos.*
- BON, BOA.**- **1.** Que reporta utilidade, satisfacción. **2.** Conveniente, útil, proveitoso. **3.** Agradable, gustoso. **4.** San, curado. **5.** Que ten bondade. **6.** Fácil, cómodo de facer. **7.** Excelente no seu xénero.

BONITO.- Etim. lat. *bonu*. Peixe mariño comestible, de lombo azul, costados azuis e catro raias escuras lonxitudinais; a súa carne é moi apreciada para a fabricación de conservas; tamén para comer fresco.

BORDA.- Varanda superior de cada costado dun barco. *Subir pola borda*.

BORDO.- Costado exterior dunha embarcación. **A bordo**. Estar dentro dunha embarcación.

BORRAXEIRO.- Tempo con moita néboa miúda que deixa ver pouco e que molla moito. *Tempo borraxeiro*.

BOU.- **1**. Arco de arame cunha rede para pescar camarón en arrastre. **2**. Barco de pesca de altura.

BRINCAR.- **1**. Saltar. *Brincar o peixe*. **2**. Xogar. *Brincar os pícaros*.

BRISA.- Vento pouco violento de periodicidade diaria, que sopra do mar á terra durante o día e da terra ó mar durante a noite.

BUDIÓN.- Etim. or. incerta. Pódese dicir, sen embargo, que *budión* vén ser o nome vulgar xenérico para varias especies dos xéneros *Labrus* e *Symphodus*. Peixe acantopterixio caracterizado polos dobres beizos carnosos que cubren as súas mandíbulas; é de forma oblonga e está revestido de escamas. A súa carne é bastante estimada.

CABO.- **1**. Corda. *Amarrar os cabos*. **2**. Punta de terra que entra no mar. *Cabo de Burela*.

CABO DE.- Xunto a , a carón de. *Vou cabo de ti. Vou cao Pedro*.

CACEA.- Pesca do bonito co barco en movemento. *Pescar á cacea*.

CADERNA.- Cada unha das pezas curvas da estrutura dunha embarcación, a madeira das costelas. *Renxer a caderna*.

CAMARÓN.- Etim. gr. *kámmaros* “cangrexo mariño” < lat. *cammarum*. Crustáceo decápodo de pequeno tamaño, cor encarnada, corpo estreito e algo encorvado, e antenas moi longas, é moi apreciado gastronómicamente. *Estar encarnado coma un camarón*.

CANGREXO.- Etim. lat. *cancrum* + *-iculum*. Cangrexo é un préstamo de castelán que afecta tamén ó portugués. Crustáceo decápodo. Vive entre as rochas e tamén entre as algas. *Andar pa trais coma o cangrexo*.

CAPA.- Un xeito de defenderse do mal tempo, poñendo a embarcación dunha maneira determinada. *Estar á capa*.

